# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

**Curso 2016-2017**

Departamento de Lingua Galega e Literatura
I.E.S. RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA

# Índice


| | Páx. |
|---|---|
| **1. Introdución e contextualización.** | **5** |
| **1.1. Preámbulo (o currículo na LOMCE).** | **5** |
| **1.2. Lexislación. O marco legal.** | **9** |
| **1.3. Contextualización.** | **9** |
| **1.3.1. Entorno socioeconómico e situación sociolingüística do centro.** | **10** |
| **1.3.2. Composición do Departamento e distribución de grupos.** | **17** |
| **2. Competencias clave.** | **18** |
| **2.1. Contribución da materia de Lingua galega e Literatura á adquisición das competencias clave.** | **19** |
| **2.1.1. Táboa do perfil competencial da área na ESO.** | **21** |
| **2.1.2. Táboa do perfil competencial da área no Bacharelato** | **21** |
| **2.2. Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais.** | **22** |
| **3. Obxectivos didácticos para ESO e Bacharelato.** | **70** |
| **3.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.** | **70** |
| **3.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.** | **72** |
| **3.3. Concreción dos obxectivos xerais da área de Lingua galega e Literatura.** | **73** |
| **3.4. Obxectivos xerais específicos para 1º de ESO.** | **74** |
| **3.5. Obxectivos xerais específicos para 2º de ESO.** | **76** |
| **3.6. Obxectivos xerais específicos para 3º de ESO.** | **77** |
| **3.7. Obxectivos xerais específicos para 4º de ESO.** | **79** |
| **3.8. Obxectivos xerais específicos para 1º de Bacharelato.** | **81** |
| **3.9. Obxectivos xerais específicos para 2º de Bacharelato.** | **83** |
| **4. Temporalización dos estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación.** | **86** |
| **4.1. 1º de ESO.** | **86** |
| **4.1.1. Libros de lectura obrigatorios para 1º de ESO.** | **102** |

**4.1.2. Temporalización asociada ás unidades didácticas do libro de texto. 102**

**4.2. 2º de ESO. 103**

**4.2.1. Libros de lectura obrigatorios para 2º de ESO. 122**

**4.2.2. Temporalización asociada ás unidades didácticas do libro de texto. 123**

**4.3. 3º de ESO. 127**

**4.3.1. Libros de lectura obrigatorios para 3º de ESO. 147**

**4.3.2. Temporalización asociada ás unidades didácticas do libro de texto. 147**

**4.4. 4º de ESO. 150**

**4.4.1. Libros de lectura obrigatorios para 4º de ESO. 174**

**4.4.2. Temporalización asociada ás unidades didácticas do libro de texto. 175**

**4.5. 1º de Bacharelato. 179**

**4.5.1. Libros de lectura obrigatorios para 1º de Bacharelato. 198**

**4.5.2. Temporalización asociada aos bloques de contido. 199**

**4.6. 2º de Bacharelato. 203**

**4.6.1. Libros de lectura obrigatorios para 2º de Bacharelato. 222**

**4.6.2. Temporalización asociada aos bloques de contido. 222**

**5. Concrecións metodolóxicas da materia. 227**

**5.1. Principios metodolóxicos xerais para ESO e Bacharelato. 227**

**5.2. Didáctica de aspectos disciplinares concretos. Concreción didáctica. 229**

**5.3. Estratexias metodolóxicas.Orientacións. 231**

**6. Materiais e recursos didácticos 233**

**7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado. 238**

**7.1. Criterios de avaliación para 1º de ESO. 239**

**7.2. Criterios de avaliación para 2º de ESO. 242**

**7.3. Criterios de avaliación para 3º de ESO. 246**

**7.4. Criterios de avaliación para 4º de ESO. 249**

**7.5. Criterios de avaliación para 1º de Bacharelato. 253**

**7.6. Criterios de avaliación para 2º de Bacharelato. 257**

7.7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado de ESO. 260

7.7.1. Criterios de cualificación para 1º de ESO. 261

7.7.2. Criterios de cualificación para 2º de ESO. 262

7.7.3. Criterios de cualificación para 3º de ESO. 263

7.7.4. Criterios de cualificación para 4º de ESO. 264

7.7a. Notas aclaratorias sobre os criterios de cualificación na ESO. 265

7.7b. Convocatoria extraordinaria de setembro. Criterios de cualificación. 267

7.7c. Promoción do alumnado da ESO. 268

7.8. Criterios de cualificación e avaliación do alumnado de Bacharelato. 269

7.8.1. Criterios de cualificación para 1º de Bacharelato. 269

7.8.1. Criterios de cualificación para 2º de Bacharelato. 270

7.8a. Notas aclaratorias sobre os criterios de cualificación no Bacharelato. 271

7.8b. Convocatoria extraordinaria de setembro. Criterios de cualificación. 273

7.8c. Promoción do alumnado de Bacharelato. 274

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. 275

8.1. Concreción dos indicadores. 275

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes 279

9.1. Pendentes de ESO. 279

9.2. Pendentes de primeiro de Bacharelato. 283

9.3. Probas extraordinarias de setembro, pendentes de ESO e Bacharelato. Criterios de cualificación. 288

10. Organización dos procedementos que lle permiten ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios previos no Bacharelato. 289

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados. 291

12. Medidas de atención á diversidade. 293

13. Concreción dos elementos transversais. 297

14. Actividades complementares e extraescolares. 299

| | |
|---|---|
| **14.1. Actividades complementares.** | **299** |
| **14.2. Actividades extraescolares.** | **302** |
| **15. Accións previstas de acordo co Plan Lector ou Proxecto Lector de Centro.** | **303** |
| **15.1. O Plan lector ou Proxecto lector de centro.** | **303** |
| **15.2. A biblioteca escolar.** | **304** |
| **16. Educación dixital. Accións previstas de acordo co Plan de integración das TIC.** | **305** |
| **17. Accións previstas de acordo co Plan de Convivencia.** | **307** |
| **18. Accións previstas de acordo co Proxecto lingüístico.** | **309** |
| **19. Información ao alumnado. Titoría e orientación.** | **310** |
| **19.1. Información ao alumnado.** | **310** |
| **19.2. Titoría e orientación.** | **310** |
| **20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos. Procesos de mellora.** | **312** |
| **21. Anexos.** | **315** |
| **21.1. Anexo 1. Relación de contidos para os catro cursos da ESO**. | **315** |
| **21.1. Anexo 2. Relación de contidos para os dous cursos de Bacharelato**. | **330** |
| **21.4. Anexo 3. Módulo de Comunicación en lingua galega e castelá e Sociedade I e II.** | **335** |

# 1. Introdución e contextualización.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A presente programación debe, pois, constituírse na ferramenta necesaria que facilite principalmente as seguintes tarefas:

- Planificar o traballo de forma eficaz.
- Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Establecer pautas claras para a avaliación.

## 1.1. Preámbulo (o currículo na LOMCE).

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que este curso completa a implantación da LOMCE.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

Coa finalidade de establecer as condicións propicias para afondar nos cambios metodolóxicos necesarios para alcanzar aqueles obxectivos, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, deulle unha nova redacción ao artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

Polo que respecto ao **currículo**, este regula os elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. Así, o currículo estará integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliables, e pola metodoloxía didáctica, a saber:

a) **Obxectivos**: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) **Competencias**: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) **Contidos**: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) **Criterios de avaliación**: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) **Estándares de aprendizaxe avaliables**: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina (neste caso Lingua e Literatura Galega). Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) **Metodoloxía didáctica**: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

O currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para as distintas materias nos anexos I, II e III do decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Todos estes elementos do novo currículo conformarán a cerna da elaboración desta programación didáctica da materia de Lingua galega e Literatura; e tendo presente que **competencialmente pretendemos desde a área de Lingua galega e Literatura** ampliar a capacidade de comprensión e expresión verbal do alumnado co fin de que adquira un dominio suficiente da linguaxe como medio de comunicación e expresión de sentimentos e coñecementos tanto desde a vertente oral coma escrita. En estreita relación con isto, tratarase de reconducir o alumnado no coñecemento e interpretación de obras literarias e na correcta elaboración de textos que forman parte da vida cotiá, sen esquecer a transversalidade.

Con este obxectivo, e tal como recomenda o Decreto 86/2015, o noso departamento traballará en coordinación cos outros departamentos de linguas do centro, principalmente co de Lingua castelá, a fin de promover un estudo e tratamento integrado de todas as linguas

(utilizar estratexias de lecto-escritura común, terminoloxía... e mesmo evitando repetir contidos iguais) e todo desde un **enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe** que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas distintas linguas que estuda.

Consonte o Decreto 86/2015, a materia de Lingua galega e Literatura preséntase en todos os cursos estruturada en cinco bloques de contidos: 1. Comunicación oral. Escoitar e falar. 2. Comunicación escrita. Ler e escribir. 3. Funcionamento da lingua. 4 Lingua e sociedade. 5 Educación literaria.

O bloque 1, "Comunicación oral. Escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais en contextos formais e informais. No entanto, a realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, deberase incidir na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento destes contidos abordarase desde a óptica competencial valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave que aparecerán especificadas na programación a partir dos estándares de aprendizaxe avaliables.

Precisamente, os estándares de aprendizaxe son a principal novidade curricular da LOMCE. A súa definición concreta é a que aparece no artigo do currículo 2.2 e) “especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables”. Así, os niveis de logro ou de rendemento están claramente definidos a través destes indicadores cuantificables, precisos e non ambiguos. Isto provoca un cambio substancial á hora de programar, pois débese partir dos estándares para ir deseñando a programación didáctica. A avaliación dirixe o deseño e desenvolvemento do currículo e os procesos de ensino e aprendizaxe nas aulas.

Ante esta nova proposta pedagóxica, somos conscientes de que se van producir importantes cambios na forma de ensinar e de aprender, por iso esta programación pretende ser unha declaración de intencións do que queremos facer, pero só a practica cotiá na aula e a avaliación desta (que intuímos enormemente dificultosa con tantos estándares) nos servirá para modificar no futuro os erros que cometamos ao procurarmos unha metodoloxía enfocada cara a unha aprendizaxe máis práctica e autónoma.

Alén disto, o decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Así, **a aprendizaxe baseada en competencias deberá caracterizarse pola súa transversalidade**, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Para lograr este proceso de cambio curricular cómpre favorecer unha visión interdisciplinar e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación.

Isto debe supoñer na práctica, **un enfoque metodolóxico sustentado nas situacións de aprendizaxe**, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia, a través dunha **metodoloxía variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado**.

Por último, facer fincapé en que a materia de Lingua galega e Literatura entra dentro do bloque de **materias de libre configuración autonómica**, **á que lle corresponde un tratamento análogo ao da disciplina de Lingua Castelá e Literatura**, tratamento que se enmarca dentro do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, malia o feito de deixar de ser materia troncal.

### 1.2. Lexislación. O marco legal.

A presente programación foi elaborada tendo en conta o actual contexto lexislativo en que se sitúa a práctica docente. A seguir as **disposicións legais** vixentes**:**

1. Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
4. Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Tamén se tiveron en conta os criterios emanados do Proxecto Curricular e do Proxecto Educativo do Centro, das decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento e, finalmente, da experiencia didáctica acumulada.

### 1.3. Contextualización

A **contextualización** permite concretar a programación para que se achegue o máis posible á realidade das aulas. Esta concreción vai proporcionar recursos para facer unha programación máis persoal, partindo neste caso do contexto socioeconómico da comarca de Deza, á que pertence todo o alumnado do centro, procedente basicamente dos concellos de Lalín e Rodeiro; e á situación sociolingüística do centro.

Canto ás **características xerais do centro**, no mesmo impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, concretamente as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Artes (Artes Escénicas, Música e Danza e Artes Plásticas, Deseño e Imaxe); e Humanidades e Ciencias Sociais. Así mesmo, conta cun Ciclo Formativo de Grao Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, un Ciclo Formativo de Grao Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web e coa Formación Profesional Básica 1 e 2. No instituto hai unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, creada na Orde do 7 de agosto de 2007. Conta tamén, desde o curso 2008-2009, cunha Aula Mentor de formación a distancia, dependente do Ministerio de Educación, froito do convenio de colaboración entre este e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ademais, durante o presente curso escolar o centro participará nos seguintes programas institucionais: Plan de mellora de

bibliotecas escolares, Programa CUALE, Seccións Bilingües, Auxiliar de conversa e Programa ABALAR (para o alumnado de 1º e 2º da ESO). Por último, sinalar que para para este curso 2016-2017 o centro contará con 817 alumnos e un cadro de 62 profesores/as curso.

### 1.3.1. Entorno socioeconómico e situación sociolingüística do centro.

#### Entorno socioeconómico.

O IES Ramón Mª Aller Ulloa é un centro de ensino público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, situado na localidade de Lalín. A maioría do alumnado procede do propio concello lalinense, cunha presenza significativa no bacharelato de alumnado procedente do concello de Rodeiro; sendo o alumnado tanto do casco urbano como de zonas rurais próximas.

O concello de Lalín, cunha superficie de 326 quilómetros cadrados, é un dos municipios de maior extensión de toda Galicia e goza dunha situación privilexiada no corazón da Comarca de Deza, que aglutina a seis concellos (Lalín, Silleda, Rodeiro, Vila de Cruces, Dozón e Agolada) nunha área de 987,7 quilómetros cadrados. A poboación do Concello de Lalín é de 20.453 habitantes (segundo datos do 2014) e está dividida entre o núcleo urbano, onde hai máis de 10.000 veciños, e o rural. Cincuenta e dúas (52) son as parroquias que conforman o concello lalinense: Albarellos, Alemparte, Anseán, Anzo, Barcia, Bendoiro, Bermés, Botos, Busto, Cadrón, Camposancos, Cangas, Castro de Cabras, Catasós, O Cello, Cercio, Cristimil, Doade, Donramiro, Donsión, Filgueira, Galegos, Goiás, Gresande, Lalín, Lebozán, Lodeiro, Losón, Maceira, Madriñán, Méixome, Moimenta, Moneixas, Noceda, Palmou, Parada, Prado, Rodís, Santiso, Sello, Soutolongo, Val do Carrio, A Veiga, Vilanova, Vilatuxe, Xaxán, A Xesta e Zobra. Considerando o conxunto da área de influencia do centro temos que lembrar, como xa indicamos antes, a presenza de alumnado dos outros concellos dezaos, sobre todo do de Rodeiro.

Na actualidade, e tomando como referencia o PEC, o concello de Lalín conta cunha economía moi diversificada, posto que a tradicional actividade agrícola e gandeira foi abrindo portas progresivamente nas últimas décadas a un sector industrial, malia estar en regresión por mor da crise económica que afectou principalmente ás ramas do téxtil (en recuperación), do aluminio e da construción. Esta diversificación tamén ten unha tradución xeográfica, posto que no núcleo urbano e nas parroquias lindeiras atópanse todos os servizos e a maior parte das industrias -situadas maioritariamente nos dous polígonos existentes-, mentres que na zona eminentemente rural a economía segue a estar baseada nas explotacións agropecuarias, que aproveitaron a riqueza da comarca para modernizarse e facerse máis competitivas.

**Situación sociolingüística do centro. Descrición da mesma.**

A seguir analizamos o **perfil sociolingüístico do alumnado**, de interese para o desenvolvemento da programación de Lingua galega e Literatura. A este respecto cómpre sinalar que arredor dun 60% do alumnado de ESO e Bacharelato procede do medio rural, maioritariamente galegofalante; mentres que o 40% procede especialmente da vila de Lalín, estando este máis castelanizado.

A actualización dos datos referidos á situación sociolingüística do centro concretouse no **Mapa Sociolingüístico do Centro (MSC-2014)**, elaborado polo ENDLG, o Departamento de Galego e a Biblioteca no que recollemos un estudo sobre a lingua inicial e a lingua habitual (usos lingüísticos) do alumnado.

Dito estudo móstranos que a maior parte do alumnado maniféstase bilingüe inicial e habitual, perpetuando desta maneira o mito falaz do bilingüismo harmónico, cordial ou equitativo, cunha maior porcentaxe de máis galego; situación esta inviábel ante a necesidade do mantemento da diversidade lingüística. Sen dúbida ningunha, como situación de tránsito cara ao monolingüismo na lingua maiorizada, neste caso o castelán. Por tanto, o coñecemento da situación real débenos servir como marco de referencia á hora de realizar o proxecto de normalización.

Neste aspecto, hai que ter presente a zona de emprazamento do instituto, a comarca natural de Deza, zona neste caso do interior de Galicia integrada na Área Central de Transición do Bloque Central e cun alumnado rural e urbano-vilego, case ao 50%.

**1. Lingua inicial:**

Segundo se tira do **gráfico 1**, a maioría do alumnado manifesta ter como lingua inicial máis galego ou só galego, máis do 63%; fronte ao 33% que ten máis castelán ou só castelán. Ora ben, se comparamos os datos do gráfico 1 cos comparativos do **gráfico 2**, vemos que estas porcentaxes reducen a presenza de só galego como lingua inicial nun 16%, incrementando, iso si, a porcentaxe de máis galego no actual estudo, nun 21%. Tamén é de salientar o descenso na porcentaxe de só castelán en 12 puntos o que nos pode facer pensar nunha certa regaleguización, aspecto este reforzado coas porcentaxes de usos na familia e cos amigos, mais que non se corresponde co desexábel monolingüismo social na lingua propia de Galiza, o que nos leva á aceptación por parte do alumnado (mocidade) do falaz bilingüismo harmónico, cordial ou equilibrado proposto pola administración galega e ratificado a través das novas disposicións legais (Decreto de Plurilingüismo). Esta elección baséase no principio metodolóxico de parsimonia (coñecido como a navalla de Ockham), é dicir nunha suposta

igualdade de condicións, a solución máis sinxela perante calquera situación será sempre a correcta[1]. Isto garante o dominio da lingua maiorizada.







**2. Lingua habitual:**

**Función familiar e local**

O **gráfico 3** informa sobre os usos lingüísticos do alumnado nos ámbitos familiar e local (cos amigos), informe que incide no bilingüismo (asimétrico), primando a presenza de máis galego (40,48%) nas relacións entre compañeiros; mentres que no ámbito familiar a

[1] *Contra a morte das linguas. O caso do galego*. Miguel Moreira Barbeito. Xerais (2014).

porcentaxe de só galego (39,46%) móstranos unha notoria resistencia ante o proceso xeneralizado de desgaleguización da mocidade galega, o que contradí o dramatismo co que se enfoca a problemática sociolingüística, no ámbito etario obxecto desta análise.




No entanto, a perda xeracional é notoria (preto do 30%) se comparamos os datos obtidos no estudo sociolingüístico de 1995 cos do 2014 canto á lingua habitual dos avós e pais, como se observa no gráfico seguinte:



Este proceso desgaleguizador obsérvase tamén ante outras cuestións como:

A competencia lecto-escritora, na que os datos recollidos no estudo sociolingüístico do PEC-1995 non son uniformes: o alumnado di non ter dificultades á hora de ler, o que contrasta coa competencia escrita, na que un 25,5% declara ter algunha dificultade para o castelán e un 41,4% para o caso do galego.

Con respecto ao uso escrito, tendo en conta os datos de 1995 recollidos no PEC, a situación do galego aínda empeora: un 51,1% dos rapaces e rapazas declaran escribir só en castelán os seus escritos privados, dato que contrasta co feito de que nas clases impartidas en galego, toman apuntamentos (84%) e fan exames (77%), maioritariamente nesta lingua.

**Función local e extralocal:**

O **gráfico 4** dá conta da elección lingüística á hora de interaccionar ou ben no ámbito comercial local ou no extralocal (cidade). Os datos ratifican a situación diglósica na elección de lingua, primando o máis galego no ámbito local (36,83%) e o máis castelán no extralocal máis urbano (45,11%), o que consagra a lingua castelá como referente urbano. Isto non deixa de ser un factor a ter en conta no futuro proceso de transmisión lingüística que non beneficia o galego.




**Función franca:**

O **gráfico 5** acolle de novo a dinámica do mito do bilingüismo de máis galego que manifesta o alumnado (35,73%), dato que contradí a elección de máis castelán no ámbito comunicativo comercial das cidades, do que deducimos que as respostas ou non foron entendidas ou se basearon no principio do politicamente correcto.




**Usos telefónicos:**

O **gráfico 6** recolle o emprego das linguas no ámbito telefónico galego, mais con persoas descoñecidas, primando o só galego e máis galego (58,82% entrambos). Este dato de novo resulta incoherente a respecto do emprego de máis castelán no ámbito urbano (comercios).




## 3. Conclusións

Os datos analizados mostran un dubidoso panorama regaleguizador ao ficar inserido na estratexia de substitución lingüística, froito do conflito lingüístico ante o cal a administración lexisla procurando unha promoción paritaria entre a lingua propia minorizada e a foránea opresora o que constitúe unha clara alternativa discriminatoria e que nos somerxe nun lento

pero dramático proceso de asimilación polo uso diglósico xeneralizado da lingua galega; estratexia confrontada coa lingüisticamente ecolóxica, é dicir o impulso decisivo dun proxecto de normalización da lingua propia minorizada a fin de promovela en todos os contextos e en todos os usos das diferentes funcións lingüísticas.[2]

Ante esta “realidade” segue a ser importante o papel que os equipos de dinamización lingüística teñen que desempeñar no camiño de contrarrestar, na medida do posíbel, a perspectiva dun bilingüismo que se sustenta falazmente no politicamente correcto, polo que devén asimétrico o que a curto prazo resultará negativo para a lingua galega; mais sempre dentro dunhas pautas sociais necesarias desde o punto de vista lingüístico evitando deste xeito calquera tipo de “sacralización da lingua” que de certo sería máis daniño que beneficioso.

Por outra banda, os resultados sociolingüísticos confírmannos o importante papel que xoga o profesorado neste labor, xa que o alumnado adoita seguir nas súas prácticas lingüísticas cotiás as que impón este; é evidente que se un profesor ou profesora opta pola lingua galega como lingua vehicular na súa aula, tanto desde o punto de vista oral como escrito, así o fará maioritariamente o alumnado ao longo do curso. A este respecto o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo non deixa de ser un obstáculo máis para o proceso normalizador.

Isto lévanos a afondar na programación da ESO, sobre todo nos dous primeiros cursos, no traballo sobre as destrezas lingüísticas, centrándonos así nos bloques de comunicación oral (escoitar e falar) e comunicación escrita (ler e escribir).

En suma, a este respecto os obxectivos do Departamento de Lingua Galega coinciden basicamente cos do ENDLG, e que baseados na ética das linguas, han de ir encamiñados tanto ao alumnado coma ao profesorado, sobre todo se comparamos os datos do estudo coa realidade que hoxe estamos a observar nas aulas e fóra delas; e tendo en conta que o tempo das mensaxes catastrofistas sobre o galego xa é pasado, as teses que antano empregaban o argumento da morte das linguas para chamar a atención da poboación deben ser reconducidas cara a outras estratexias que poidan ser máis útiles para a recuperación da nosa lingua; iso si, tendo presente o contexto de imperialismo lingüístico así como o de racismo lingüístico.[3]

No entanto, as respostas dadas mostran certas contradicións que en parte as invalidan como fiábeis e que máis ben semellan incidir nas actitudes lingüísticas relacionadas co feito

[2] *Contra a morte das linguas. O caso do galego.* Miguel Moreira Barbeito. Xerais (2014). [Páx. 138].

[3] A este respecto, J. C. Moreno Cabrera sinala que a ideoloxía nacionalista imperialista é a evolución da ideoloxía nacionalista colonial decimonónica. *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva.* Península (2008), Barcelona.

de que lingua é a que se lles debe falar na casa aos nenos, e obtendo como resposta as dúas, se sumamos os datos de máis galego e máis castelán (58% inicial); o que nos leva a pensar no futuro en reelaborar o estudo cunha nova enquisa que tentará ratificar ou corrixir os datos recollidos no MSC-2014.

### 1.3.2. Composición do Departamento e distribución de grupos:

A seguir o profesorado que compón o Departamento de Lingua galega e Literatura para o curso 2016-2017 e os cursos que imparte:

**Pilar Espiño Espantoso** (Coordinadora de Normalización e Dinamización da Lingua Galega): 2º ESO, 3º ESO e 1º Bacharelato

**Fernando Pereira Fernández**: 1º ESO, 2º ESO e FPB1

**Mario Pereira Fernández** (Coordinador responsable da Biblioteca): 1º Bacharelato e 3º ESO.

**Susana Rodríguez Rodríguez**: 1º ESO, 2º ESO e FPB2

**José Payo Cangado** (Xefe de Departamento): 2º ESO, 4º ESO e 2º Bacharelato.

## 2. Competencias clave.

O artigo 2 do Decreto 86/2015 no seu apartado 3B sinala as competencias como un dos elementos do currículo, definíndoas como “capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos” e no seu artigo 3 fixa as sete competencias clave que o alumnado deberá desenvolver:

a) Comunicación lingüística (CCL).
b) Competencia dixital (CD).
c) Aprender a aprender (CAA).
d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).
g) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación neste caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

**Na materia de Lingua e Literatura Galega potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística**.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo da materia, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Son, en fin, aquelas competencias que debe desenvolver unha persoa ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

**2.1. Contribución da materia de Lingua galega e Literatura á adquisición das competencias clave ou básicas.**

Se a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística en toda a súa extensión.

No entanto, todas as áreas do currículo deben participar, desde o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Así, a propia concepción do currículo desta área, ao facer énfase no uso social da lingua en diferentes contextos comunicativos, como xa sinalamos con anterioridade, pon en evidencia a súa contribución directa ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en **comunicación lingüística**, resultando ser esta a finalidade primeira da área, a mellora da competencia lingüística, usando a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Mais tamén cómpre destacar que as estratexias que constitúen a competencia comunicativa adquírense desde unha lingua determinada, non obstante non se refiren exclusivamente a saber usar esta lingua, senón ao uso da linguaxe en xeral. Esta característica da aprendizaxe lingüística ten unha grande importancia, xa que as aprendizaxes que se efectúan nunha lingua aplícanse á aprendizaxe doutras, cuxo coñecemento contribúe, á súa vez, a aumentar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coas competencias clave de **aprender a aprender**, e coa de **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento, permite comunicarse con un mesmo, analizar problemas, elaborar plans e emprender procesos de decisión. En suma, regula e orienta a nosa propia actividade con progresiva autonomía. O emprego correcto da linguaxe contribúe a organizar o pensamento, a comunicar afectos e sentimentos, a regular emocións favorecendo o desenvolvemento de ambas competencias. Trataremos desde a nosa materia de estimular a imaxinación e fomentar a creatividade, o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das TIC…

Ao **tratamento da información e competencia dixital,** a área contribúe en canto que proporciona coñecementos e destrezas para a busca, selección, tratamento da información e, en especial, para a comprensión de dita información, da súa estrutura e organización textual, e para a súa utilización na produción oral e escrita. O currículo da área inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos (procesadores, buscadores, bases de datos…) o que significa algo máis ca un cambio de soporte, xa que afecta ás operacións

mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, selección de información…) e que constitúen un dos contidos básicos desta área. Por iso, na medida en que se utilicen estase mellorando á vez a competencia dixital e o tratamento da información. Pero, ademais, os novos medios de comunicación dixitais que xorden continuamente, implican un uso social e de colaboración da escritura, o que permite concibir a aprendizaxe da lingua escrita no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

A lingua contribúe poderosamente ao desenvolvemento da **competencia social e cívica**, pois desde esta área é obrigado facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís. Ademais redunda na mellora das habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas, xa que necesariamente a súa adquisición require o uso da lingua como base da comunicación. Aprender lingua é, ante todo, aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir a propia expresión como modalidade fundamental de apertura aos demais. Por outra parte, na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación, analiza os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe, está contribuíndo ao desenvolvemento desta competencia.

Alén de recoñecer a propia lingua como elemento cultural de primeira orde, nesta área lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúe ao desenvolvemento da competencia en **conciencia e expresións culturais;** a este respecto, as Guías de lectura elaboradas son unha moi boa ferramenta de achegamento a esta e ás demais competencias.

Por último, indicar que desde esta área desenvólvense tamén algúns aspectos da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** xa que as análises de estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outra banda, a variedade temática dos textos debe poñer en contacto a materia co mundo científico e o contorno ambiental.

En resumo, e tras a análise dos estándares e as competencias que se traballan en cada un, sintetizamos na seguinte táboa o número de estándares a traballar en cada curso, e a porcentaxe dedicada a cada competencia en cada curso LOMCE da ESO e de Bacharelato, para determinar o **perfil competencial da área** e concluír que a CCL é mais traballada ca as

outras seis xuntas, en segundo lugar sitúase a CAA, en terceiro a CSC, logo a CD, a CCEC e ocupan os últimos lugares a CSIEE e a CMCCT.

### 2.1.1. Táboa do perfil competencial da área na ESO:

| | 1º ESO | | 2º ESO | | 3º ESO | | 4º ESO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| COMPETENCIAS | Estándares totais: 98 | % | Estándares totais: 109 | % | Estándares totais: 112 | % | Estándares totais: 131 | % | Estándares totais: 450 |
| | Número de estándares nos que se traballa cada competencia | | Número de estándares nos que se traballa cada competen-cia | | Número de estándares nos que se traballa cada competencia | | Número de estándares nos que se traballa cada competen-cia | | Total número de estándares nos que se traballa cada competencia |
| CCL | 91 | 52,00 | 103 | 52,82 | 107 | 50,71 | 130 | 55,32 | 431 |
| CMCCT | 2 | 1,15 | 2 | 1,02 | 4 | 1,90 | 4 | 1,70 | 12 |
| CD | 16 | 9,15 | 16 | 8,21 | 17 | 8,06 | 17 | 7,23 | 66 |
| CAA | 31 | 17,72 | 30 | 15,38 | 35 | 16,59 | 28 | 11,91 | 124 |
| CSC | 20 | 11,43 | 30 | 15,38 | 36 | 17,06 | 40 | 17,02 | 126 |
| CSIEE | 6 | 3,43 | 6 | 3,08 | 4 | 1,89 | 5 | 2,13 | 21 |
| CCEC | 9 | 5,15 | 8 | 4,10 | 8 | 3,79 | 11 | 4,68 | 36 |

| Porcentaxe total na materia nos cursos da ESO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CCL | CMCCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC | |
| 52,82 | 1,47 | 8,09 | 15,20 | 15,44 | 2,57 | 4,41 | Media para cada competencia |

### 2.1.2. Táboa do perfil competencial da área no Bacharelato:

| | 1º Bacharelato | | 2º Bacharelato | | Estándares totais: 207 |
|---|---|---|---|---|---|
| COMPETENCIAS | Estándares totais: 98 | % | Estándares totais: 109 | % | |
| | Número de estándares nos que se traballa cada competencia | | Número de estándares nos que se traballa cada competencia | | Total número de estándares nos que se traballa cada competencia |
| CCL | 99 | 54,10 | 103 | 52,55 | 202 |
| CMCCT | 2 | 1,09 | 3 | 1,53 | 5 |
| CD | 7 | 3,83 | 16 | 8,16 | 23 |
| CAA | 29 | 15,85 | 30 | 15,31 | 59 |
| CSC | 33 | 18,03 | 30 | 15,31 | 63 |
| CSIEE | 9 | 4,92 | 6 | 3,06 | 15 |
| CCEC | 4 | 2,19 | 8 | 4,08 | 12 |

| Porcentaxe total na materia nos cursos de Bacharelato | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CCL | CMCCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC | |
| 69,90 | 1,73 | 7,96 | 20,42 | 21,80 | 5,19 | 4,15 | Media para cada competencia |

### 2.2. Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais.

O currículo LOMCE presenta uns novos elementos denominados “estándares de aprendizaxe” o que provoca unha certa confusión cos criterios de avaliación.

A LOMCE define os Estándares de aprendizaxe avaliables como *especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables*. Veñan a ser xa que logo unha concreción dos criterios de avaliación, é dicir, son uns criterios moito máis detallados e concretos, base para establecer rúbricas de cualificación.

A diferenza pois radica en que “os estándares son niveis de realización aceptábeis ou non aceptábeis para cada un dos criterios”. É dicir, determinan até que punto logramos ou non un criterio de avaliación delimitando o grao de éxito que se conseguiu durante o proceso de ensino/aprendizaxe. O que nos leva a reflexionar se os estándares de aprendizaxe son o novo referente no currículo. Un currículo centrado nos criterios e estándares no cal os obxectivos case que brillan notoriamente pola súa ausencia. Quizais preocupen máis as notas do alumnado que as metas a alcanzar. Pasamos entón a un sistema educativo centrado obsesivamente na avaliación e na presión sobre o alumnado fronte á preocupación pola realización dunha aprendizaxe que sexa significativa?

Ao contrario, a presenza de estándares en detrimento dos obxectivos fai que sexamos os profesores os que os detallemos nas programacións, daquela dános máis autonomía pedagóxica no deseño dos mesmos? Coidamos que non.

En suma, os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

#### 2.2.1. 1º ESO

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | |
| ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | ▪ CSC |
| ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| velar e fonema fricativo palatal xordo). | |
| ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | ▪ CAA |
| ▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| ▪ LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. | ▪ CCL<br>▪ CCA<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz. | ▪ CCL<br>▪ CD |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. | ▪ CCL |
| ▪ LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
|---|---|
| ▪ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.9.2. Identificar as función sintácticas no seo da oración. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen. | ▪ CCL |
| **Bloque 5. Educación literaria** | |
| ▪ LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| texto. | |
| ▪ LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.2.2. Diferenza textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo. | ▪ CCL<br>▪ CD |

### 2.2.2. 2º ESO

| **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | |
| ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIE |
| ▪ LGB1.4.1. Diferenza as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | ▪ CLL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | ▪ CLL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir | |
|---|---|
| ▪ LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | ▪ CCL<br>▪ CCA |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | ▪ CCL<br>▪ CD |

| | |
|---|---|
| | ▪ CSC |
| ▪ LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| ▪ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CCC. |
| ▪ LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | |
|---|---|
| ▪ LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | ▪ CCL |
| ▪ LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos, identificando as funcións sintácticas no seo da oración. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais**,** evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| **Bloque 5. Educación literaria** | |
| ▪ LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ CCL<br>▪ CD |

### 2.2.3. 3º ESO

| **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | |
| ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes). | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.2.1. Diferenza as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.3.3. Diferenza as explicacións dos argumentos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autovaliación e propón solucións para melloralas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | ▪ CAA |
| ▪ LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| ▪ LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos). | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais). | ▪ CCL |
| ▪ LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| ▪ LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. | ▪ CCL<br>▪ CCA |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores. | ▪ CCL |
| ▪ LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor. | ▪ CLC<br>▪ CSC |
| ▪ LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais**,** evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ LGB13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias). | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.1. Recoñece os principias elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| **Bloque 5. Educación literaria.** | |
| ▪ LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s). | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| básicos destes. | |
| ▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. | ▪ CCL |
| ▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

### 2.2.4. 4º ESO

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | |
| ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). | ▪ CCL<br>▪ CSEIEE |
| ▪ LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. | ▪ CLL<br>▪ CCEC |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | ▪ CCL |
| ▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.3.3. Diferenza e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | ▪ CCL |
| ▪ LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Bloque 5. Educación literaria | |
|---|---|
| ▪ LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |

| | |
|---|---|
| ▪ LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ▪ CCL |
| ▪ LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | ▪ CCL |

## 3. Obxectivos didácticos para ESO e Bacharelato.

A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica; en consecuencia na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado e para iso a educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

En suma, a educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar no alumnado hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Canto ao Bacharelato, o artigo 25 da LOMCE recolle que este ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, deberá capacitar o alumnado para acceder á educación superior.

### 3.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.

Segundo o decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación secundaria obrigatoria debe contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 3.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3.3. Concreción dos obxectivos da área de Lingua galega e Literatura.

Os obxectivos didácticos a lograr dentro do ámbito da área de Lingua galega e Literatura ao longo das etapas educativas de secundaria obrigatoria e bacharelato son os seguintes:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
3. Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
4. Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
5. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.
6. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha sólida preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
7. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

8. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
9. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
10. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
11. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, depurado de interferencias e desviacións da norma.
12. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
13. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
14. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
15. Identificar os mecanismos de cohesión textual.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
18. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
19. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
20. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
21. Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
22. Desenvolver comentarios connotativos de crítica textual con soltura e precisión.
23. Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar diferentes xéneros.
24. Coñecer o noso patrimonio literario: autores e obras das distintas etapas da literatura galega.
25. Desenvolver comentarios literarios a partir de textos de diferentes xénero.

### 3.4. Obxectivos xerais específicos para 1º de ESO.

Os obxectivos específicos a lograr en 1º de ESO están asociados ao currículo desta materia, dividida en cinco bloques de contidos: Comunicación oral (falar e escoitar), Comunicación escrita (ler e escribir), Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Educación literaria. A seguir os mesmos:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

2. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
3. Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
4. Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
5. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.
6. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha fluída preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
7. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
8. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
9. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
10. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
11. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, depurado de interferencias e desviacións da norma.
12. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
13. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
14. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
15. Identificar os mecanismos de cohesión textual.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
18. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
19. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
20. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
21. Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
22. Introducir o alumnado na produción de comentarios connotativos.

23. Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
24. Coñecer e aplicar estratexias de coavaliación e autoavaliación recoñecendo erros nas súas producións.

### 3.5. Obxectivos xerais específicos para 2º de ESO.

Os obxectivos específicos a lograr en 2º de ESO están asociados ao currículo desta materia, dividida en cinco bloques de contidos: Comunicación oral (falar e escoitar), Comunicación escrita (ler e escribir), Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Educación literaria. A seguir os mesmos:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
3. Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
4. Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
5. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.
6. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha cada vez máis fluída preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
7. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
8. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
9. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
10. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
11. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, depurado de interferencias e desviacións da norma.
12. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
13. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.

14. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
15. Identificar os mecanismos de cohesión textual.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
18. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.
19. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
20. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
21. Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
22. Producir comentarios connotativos.
23. Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
24. Coñecer e aplicar estratexias de coavaliación e autoavaliación recoñecendo erros nas súas producións.

### 3.6. Obxectivos xerais específicos para 3º de ESO.

O eixo central da programación para 3º de ESO ten como finalidade aumentar a competencia lingüística e comunicativa do alumnado. Trátase de ampliar o seu repertorio de habilidades lingüísticas, prestando especial coidado á súa selección conforme ao contexto social e a finalidade coa que se elabora a mensaxe.

O procedemento básico parte da análise dun extenso abano de textos, orais e escritos, elaborados para funcionaren dentro de ámbitos de uso específicos (coloquial, científico, xurídico, administrativo, xornalístico, publicitario, literario...) e agrupados en catro grandes bloques (conversa, descrición, narración e exposición-argumentación). A interpretación e análise destes textos compleméntase coa elaboración por parte do alumnado doutros similares e reforzarase con exercicios específicos destinados a corrixir e consolidar elementos de corrección morfosintáctica e procedementos de cohesión textual.

En última instancia, trátase de promover o uso desas capacidades no marco dunha actitude normalizadora consciente, consecuente e activa.

Así mesmo, estimularase ao alumnado no coñecemento do feito literario medieval, na estima das manifestacións literarias dos séculos escuros e nun maior afondamento do coñecemento do que o Rexurdimento literario supuxo para a nosa literatura e a nosa lingua.

En concreto, os obxectivos específicos a lograr en 3º de ESO son os seguintes:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Escoitar e comprender o sentido global de información procedente da comunicación audiovisual.
3. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e respectando a dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha cada vez máis fluída preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, acorde coa idade do alumnado, e depurado de interferencias e desviacións da norma.
13. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Identificar os conectores e outros mecanismos que doten de cohesión o texto.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.

18. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
19. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras e identificar prexuízos.
20. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua desde os seus comezos ata 1916
21. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar o estándar como variante unificadora.
22. Coñecer a familia lingüística do galego e a súa relación coa lusofonía.
23. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega ata 1919.
24. Ler de maneira comprensiva e expresiva textos da literatura galega ata 1916 e coñecer o básico dos autores máis destacados.
25. Comentar textos literarios da lírica medieval e da literatura do XIX ata 1916.
26. Elaborar traballos expositivos e argumentativos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega ata 1916 ou sobre temas de actualidade.
27. Crear textos con intención literaria a partir de modelos traballados na clase.
28. Producir comentarios connotativos.

### 3.7. Obxectivos xerais específicos para 4º de ESO.

O eixo central da programación para 4º de ESO radica ten como meta aumentar a competencia lingüística e comunicativa do alumnado. Trátase de ampliar o seu repertorio de habilidades lingüísticas, prestando especial coidado á súa selección conforme ao contexto social e a finalidade coa que se elabora a mensaxe.

O procedemento básico parte da análise dun extenso abano de textos, orais e escritos, elaborados para funcionaren dentro de ámbitos de uso específicos (coloquial, científico, xurídico, administrativo, xornalístico, publicitario, literario...) e agrupados en catro grandes bloques (conversa, descrición, narración e exposición-argumentación). A interpretación e análise destes textos compleméntase coa elaboración por parte do alumnado doutros similares e reforzarase con exercicios específicos destinados a corrixir e consolidar elementos de corrección morfosintáctica e procedementos de cohesión textual.

En última instancia, trátase de promover o uso desas capacidades no marco dunha actitude normalizadora consciente, consecuente e activa.

Así mesmo, estimularase ao alumnado no coñecemento do feito literario do século XX e da actualidade.

En concreto, os obxectivos específicos a lograr en 4º de ESO son os seguintes:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Escoitar e comprender o sentido global de información procedente da comunicación audiovisual.
3. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e respectando a dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha sólida preparación no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, acorde coa idade do alumnado, e depurado de interferencias e desviacións da norma.
13. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Identificar os conectores e outros mecanismos que doten de cohesión o texto.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.

18. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
19. Valorar a ecoloxía das linguas como medio de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
20. Coñecer a lusofonía e a súa importancia no século XXI.
21. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia na actualidade, coñecer as principais iniciativas normalizadoras e normativizadoras e identificar prexuízos.
22. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade.
23. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
24. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar o estándar como variante unificadora.
25. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1919 ata a actualidade.
26. Ler de maneira comprensiva e expresiva textos da literatura galega desde 1916 á actualidade e coñecer a produción e autores máis destacados.
27. Comentar textos literarios da literatura contemporánea.
28. Elaborar traballos expositivos e argumentativos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1916 a actualidade ou sobre temas de actualidade.
29. Crear textos con intención literaria a partir de modelos traballados na clase.
30. Producir comentarios connotativos.

### 3.8. Obxectivos xerais específicos para 1º de Bacharelato.

A área de lingua galega e literatura ten como obxectivo fundamental na etapa do ensino postobrigatorio o enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado, competencia que xa se vén traballando desde a ESO. Neste sentido, non se produce un salto cualitativo considerable entre ambas as dúas etapas en canto que o obxectivo fundamental é o mesmo: a adquisición e mellora da competencia comunicativa, entendida esta como unha competencia ampla que abrangue saberes lingüísticos, sociolingüísticos e discursivos e que lle debe reportar ao alumnado a capacidade para usar a lingua (tanto no nivel produtivo coma receptivo e interaccional) nas diversas esferas da actividade social e individual.

O nivel de coñecementos de lingua galega e literatura que se debe adquirir ao rematar o bacharelato corresponde ao dunha persoa capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre

temas de certa complexidade e para distintos fins e mostrar un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica.

O currículo desta materia en 1º de bacharelato LOMCE preséntase dividido en cinco bloques de contidos: Comunicación oral (falar e escoitar), Comunicación escrita (ler e escribir), Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade (Sociolingüística) e Educación literaria. Esta división atende, por un lado, ao criterio de ter en conta tanto o carácter sistemático da lingua coma a rendibilidade comunicativa que as persoas usuarias deben extraer dela, e por outro á consecución dunha formación literaria e dunha reflexión sobre a situación das linguas no mundo, sobre todo na Europa occidental. Preténdese, xa que logo, a adquisición dunha bagaxe tanto instrumental coma sociocultural que lle permita ao alumnado participar en todas as funcións sociais da lingua galega.

Os bloques de Comunicación están pensados para o tratamento de todos aqueles aspectos relacionados co uso lingüístico en contextos diversificados. Recóllense aquí, polo tanto, todos aqueles contidos de análise de texto, tipoloxía textual, variedades da lingua e funcionalidade lingüística necesarios para reverter nunha mellor comprensión e produción de textos orais e escritos, así como nun aumento da capacidade e calidade da interacción. Neste bloque de Comunicación aténdese igualmente á lingua na súa dimensión de código ou sistema.

O bloque de Funcionamento da lingua integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque Lingua e sociedade está pensado para que o alumnado se achegue, co rigor desexable neste nivel educativo, á nosa situación sociolingüística, coa finalidade de ser quen de interpretala con perspectiva histórica e suficientes criterios valorativos. Así mesmo e dentro do bloque de contidos Lingua e sociedade, o estudo da Historia da Lingua complementarase con aspectos claves dentro da Sociolingüística de cara a un mellor coñecemento da nosa historia literaria.

Por último, o bloque da Educación literaria está pensado para o tratamento desta en dúas dimensións: unha máis centrada no coñecemento da historia da literatura galega e outra que xira ao redor do coñecemento, análise e valoración de obras significativas. Así pois, atenderase non só a que o alumnado teña un coñecemento das principais etapas, autoras e autores, xéneros e obras da nosa historia da literatura, senón tamén a mellorar o seu coñecemento dos textos literarios a través da lectura e comentario. Non se debe perder de vista, polo tanto, a concepción do texto literario como un modelo de texto formalizado cunhas

características moi definidas que contribúe, ademais, polo seu status especial, non só á reflexión sobre o uso estético da lingua no seu aspecto creativo, senón á creación dun imaxinario colectivo que nos define como pobo. Canto á Historia da literatura afondarase no estudo da mesma desde a época medieval ao século XIX (ata 1919), perfeccionando o comentario literario de textos medievais e contemporáneos. En síntese, os obxectivos podemos concretalos en:

1. Comprender o contido e a intención comunicativa de textos orais, escritos e audiovisuais de diferente tipoloxía.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver habilidades de escoita con interese e respecto.
4. Expoñer oralmente textos de diversa tipoloxía.
5. Usar correctamente de xeito oral e escrito a nosa lingua e valorala positivamente.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións.
7. Identificar as clases de palabras e as súas funcións sintácticas básicas.
8. Buscar e seleccionar información coa axuda das TIC.
9. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do Estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
10. Coñecer os principais conceptos de sociolingüística.
11. Coñecer a historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
12. Coñecer e valorar a diversidade lingüística, o plurilingüismo e a nosa relación coa lusofonía.
13. Coñecer a literatura galega desde as súas orixes ata 1916 e comentar textos literarios.

### 3.9. Obxectivos xerais específicos para 2º de Bacharelato.

O nivel de coñecementos de lingua galega e literatura que se debe adquirir ao rematar o bacharelato corresponde ao dunha persoa capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre temas de certa complexidade e para distintos fins e mostrar un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica.

O currículo desta materia, ao igual que en 1º de bacharelato LOMCE, preséntase en 2º de bacharelato dividido en cinco bloques de contidos: Comunicación oral (falar e esccoitar), Comunicación escrita (ler e escribir), Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade (Sociolingüística) e Educación literaria. Esta división atende, por un lado, ao criterio de ter en conta tanto o carácter sistemático da lingua coma a rendibilidade comunicativa que as persoas usuarias deben extraer dela, e por outro á consecución dunha formación literaria e dunha reflexión sobre a situación das linguas no mundo, sobre todo na Europa occidental. Preténdese, xa que logo, a adquisición dunha bagaxe tanto instrumental coma sociocultural que lle permita ao alumnado participar en todas as funcións sociais da lingua galega.

Os bloques de Comunicación oral e escrita están pensados para o tratamento de todos aqueles aspectos relacionados co uso lingüístico en contextos diversificados. Recóllense aquí, polo tanto, todos aqueles contidos de análise de texto, tipoloxía textual, variedades da lingua e funcionalidade lingüística necesarios para reverter nunha mellor comprensión e produción de textos orais e escritos, así como nun aumento da capacidade e calidade da interacción. Neste bloque de Comunicación aténdese igualmente á lingua na súa dimensión de código ou sistema.

O bloque de Funcionamento da lingua integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque Lingua e sociedade está pensado para que o alumnado se achegue, co rigor desexable neste nivel educativo, á nosa situación sociolingüística, coa finalidade de ser quen de interpretala con perspectiva histórica e suficientes criterios valorativos. Así mesmo e dentro do bloque de contidos Lingua e sociedade, o estudo da Historia da Lingua complementarase con aspectos claves dentro da Sociolingüística de cara a un mellor coñecemento da nosa historia literaria.

Por último, o bloque de Educación literaria está pensado para o tratamento desta en dúas dimensións: unha máis centrada no coñecemento da historia da literatura galega e outra que xira ao redor do coñecemento, análise e valoración de obras significativas. Así pois, atenderase non só a que o alumnado teña un coñecemento das principais etapas, autoras e autores, xéneros e obras da nosa historia da literatura, senón tamén a mellorar o seu coñecemento dos textos literarios a través da lectura e comentario. Non se debe perder de vista, polo tanto, a concepción do texto literario como un modelo de texto formalizado cunhas características moi definidas que contribúe, ademais, polo seu status especial, non só á

reflexión sobre o uso estético da lingua no seu aspecto creativo, senón á creación dun imaxinario colectivo que nos define como pobo.

Por outra parte, o reparto do temario nos dous cursos que comprende o Bacharelato está condicionado pola Selectividade á que se somete o alumnado logo de superar o Bacharelato. Neste sentido, en primeiro de Bacharelato, traballarase fundamentalmente con aspectos que, aínda necesitando unha base teórica, sexan máis prácticos (morfoloxía, gramática do texto, comentarios lingüísticos...).

A seguir os obxectivos específicos para o 2º curso de bacharelato:

1. Comprender o contido e a intención comunicativa de textos orais, escritos e audiovisuais de diferente tipoloxía.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver habilidades de escoita con interese e respecto.
4. Expoñer oralmente textos de diversa tipoloxía.
5. Usar correctamente de xeito oral e escrito a lingua galega e valorala positivamente.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións.
7. Analizar textos de todo tipo aplicando as regras de análise textual ou comentario crítico.
8. Identificar as clases de palabras e recoñecer e aplicar regras lingüísticas na análise morfosintáctica.
9. Coñecer a fonética e fonoloxía do galego.
10. Buscar e seleccionar información coa axuda das TIC.
11. Coñecer os principais conceptos de sociolingüística.
12. Coñecer a historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade en todos os seus ámbitos e funcións de uso.
13. Coñecer e valorar a existencia de estereotipos e prexuízos lingüísticos e a súa repercusión nos usos.
14. Coñecer a historia da variedade estándar e identificar as interferencias lingüísticas e as desviacións da norma
15. Coñecer a literatura galega desde 1916 ata a actualidade e comentar textos literarios.
16. Ler comprensivamente, analizar e comentar textos literarios do século XX e da actualidade.

# 4. Temporalización dos estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os estándares de aprendizaxe servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

## 4.1. 1º ESO

| Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo de consecución dos estándares** | **Temporalización** | | | **Procedementos e instrumentos de avaliación** |
| | | **1ª Av.** | **2ª Av.** | **3ª Av.** | **P: Procedemento<br>I: Instrumento** |
| ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | Comprende e interpreta aceptablemente a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | x | x | x | P1. Proba escrita ou oral de comprensión de textos orais con preguntas test, preguntas dirixidas, de resposta curta ou realización de resumos e esquemas.<br>I1. Rexistro cuantitativo das probas de comprensión oral que miden os procedementos das mesmas. |
| ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | Case sempre traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | X | X | X | P1<br>I1 |
| ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, algúns datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | | | X | P1<br>I1 |
| ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con algunha autonomía | | | X | P1<br>I1 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | Coñece e aprecia a maioría das normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinión alleas e rexeita a linguaxe discriminatoria). | | X | X | P2. Observación sistemática do/a alumno/a ante as intervencións orais dos demais.<br>I2. Rexistro cualitativo do procedemento de observación fixado. Coavaliación e autoavaliación. |
| ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. | Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas...) e ás veces o significado da linguaxe non verbal. | | X | X | P2<br>I2 |
| ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. | Identifica a intención comunicativa,as ideas principais e algunhas secundarias de programas informativos. | X | X | X | P1<br>I1 |
| ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae algunha conclusión das coincidencias ou diferenzas atopadas. | | | X | P1<br>I1 |
| ▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | Identifica ás veces e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | | | X | P2<br>I2 |
| ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | Consulta ás veces os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | | | X | P2<br>I2 |
| ▪ LGB1.5.2. Emprega as | Emprega algunhas TIC para | X | X | X | P2 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | | | | I2 |
| ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece algúns erros de produción oral propia e allea. | X | X | X | P3. Observación sistemática do traballo previo e das intervencións orais do alumnado e exposicións individuais e/ou en grupo, debates,dramatización etc.<br>I3. Rúbrica para a avaliación do procedemento relativo ás intervencións orais. Coavaliación e autoavaliación. |
| ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | Comprende algúns dos prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega e rexéitaos. | | X | X | P3<br>I3 |
| ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | X | | | P3<br>I3 |
| ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | X | X | X | P3<br>I3 |
| ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a | Participa malia non ser con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a | | X | X | P3<br>I3 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. | Planifica aceptablemente os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. | Produce algúns textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro bastante adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. | Desenvolve un tema do currículo con bastante rigor, claridade e corrección gramatical. | x | x | x | P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. | Adecúa con suficiencia a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e trata de empregar os recursos expresivos propios do rexistro formal. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. | Emprega léxico bastante preciso e procura evitar o uso de coloquialismos ou palabras comodín. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. | En xeral, organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. | Describe algúns dos trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos | Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo | x | x | | P3 e P4<br>I4 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. | directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. | | | | |
| ▪ LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. | Consulta habitualmente información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. | Respecta a maioría das normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. | Utiliza con frecuencia procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. | En xeral, recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. | x | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| ▪ LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. | Describe a maioría dos tipos de rexistro e analiza algunhas das súas manifestacións lingüísticas. | | x | x | P3 e P4<br>I4 |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | | | | | |
| **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo de consecución dos estándares** | **Temporalización** | | | **Procedementos e instrumentos de avaliación** |
| | | **1ª Av.** | **2ª Av.** | **3ª Av.** | **P: Procedemento<br>I: Instrumento** |
| ▪ LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas | Define e identifica a maioría dos fonemas vocálicos e | x | | | P5. Observación sistemática na aula e |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| vocálicos e consonánticos da lingua galega. | consonánticos da lingua galega. | | | | intercambio oral.<br>P7. Exame (un por avaliación).<br>I5. Ficha de control de actuación e participación na aula.<br>I7. Rexistro cuantitativo de puntuacións dos traballos e exames. |
| ▪ LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | En xeral, valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | x | | | P5 e P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. | Explica a maioría das principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. | x | | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. | Explica aceptablemente os procedementos de formación das palabras. | x | | | P5 e P7<br>I5 e I7 |
| ▪ LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. | Recoñece e explica con suficiencia os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. | x | x | x | P5 e P7<br>I5 e I7 |
| ▪ LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. | Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. | x | x | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. | Recoñece con suficiencia as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa | Identifica e en xeral explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, | x | | | P7<br>I7 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. (Repaso de 1º Bac.) | coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. | | | | |
| ▪ LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. (Repaso de 1º Bac.) | Identifica e en xeral explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | x | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. (Repaso 1º Bac.) | Identifica e en xeral explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. (Repaso 1º Bac.) | Identifica, explica, en xeral, e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. | x | x | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. (Repaso 1º Bac.) | Identifica e en xeral explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | | | x | P7<br>I7 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. (Repaso 1º Bac.) | Identifica e en xeral explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. | | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | Identifica e explica con suficiencia as relacións e unidades semánticas. | x | x | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participa ás veces en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | x | x | x | P9. Traballos individuais ou en grupo<br>I9. Rexistro cuantitativo dos traballos. |
| ▪ LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | Utiliza a maioría dos coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | | | x | P7<br>I7 |

| Bloque 4. Lingua e sociedade | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución dos estándares | Temporalización | | | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| | | 1ª Av. | 2ª Av. | 3ª Av. | P: Procedemento<br>I: Instrumento |
| ▪ LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. | Recoñece a maioría dos estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. | x | | | P7. Exames (un por avaliación)<br>P8. Observación sistemática da actitude do alumno ante a lingua galega: prexuízos.<br>I7. Rexistro de avaliación cuantitativo para a recollida de puntuacións dos exames e traballos.<br>I8. Rexistro cualitativo da actitude ante a lingua. |
| ▪ LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. | Elabora algúns traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. | x | x | x | P9. Traballos individuais ou en grupo<br>I9. Rexistro cuantitativo dos traballos. |
| ▪ LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. | Describe e interpreta aceptablemente o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. | x | | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. | Recoñece a maioría das interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e en xeral desenvolve un discurso propio libre destes elementos. | x | | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego | Distingue a maioría das características lingüísticas fundamentais do galego | x | x | | P7<br>I7 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| moderno (desde 1916 ata 1978). | moderno (desde 1916 ata 1978). | | | | |
| ▪ LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. | Describe con bastante suficiencia o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. | x | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.3.3. Diferenza e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. | Diferenza e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. | x | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. | Analiza con bastante rigor a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. | x | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | En xeral, identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | x | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). | Distingue a maioría das características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). | x | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. | Describe con bastante suficiencia o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no | Analiza con bastante rigor a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. | | | x | P7<br>I7 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| desenvolvemento do galego. | | | | | |
| ▪ LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. | Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala a maioría das súas fortalezas e debilidades. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | | x | | P7 e P8<br>I7 e I8 |
| ▪ LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | Elabora con bastante rigor unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | En xeral, analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | | | x | P7 e P8<br>I7 e I8 |
| **Bloque 5. Educación literaria** | | | | | |
| **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo de consecución dos estándares** | **Temporalización** | | | **Procedementos e instrumentos de avaliación** |
| | | **1ª Av.** | **2ª Av.** | **3ª Av.** | **P: Procedemento<br>I: Instrumento** |
| ▪ LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. | Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. | x | | | P5. Observación sistemática na aula e intercambio oral.<br>P7. Exames (un por avaliación de teoría literaria e/ou comentarios literarios).<br>I5. Ficha de control de actuación e participación |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | na aula.<br>I7. Rexistro de avaliación cuantitativo para a recollida de puntuacións dos exames e traballos. |
| ▪ LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. | Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. | x | | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | x | | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | x | | | P5. Observación sistemática na aula e intercambio oral.<br>P7<br>P9. Traballos individuais.<br>I5. Ficha de control de actuación e participación na aula.<br>I7<br>I9. Rexistro cuantitativo dos traballos. |
| ▪ LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | x | | | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |
| ▪ LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do | Le e comenta con suficiencia textos representativos do | x | | | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | | |
| ▪ LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. | Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. | | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. | Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. | | x | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | | x | | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e | Le e comenta con suficiencia textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e | | x | | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | | |
| ▪ LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | x | x | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |
| ▪ LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | x | | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |
| ▪ LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | | | x | P7<br>I7 |
| ▪ LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro | Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a | | | | P7<br>I7 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | | | | |
| ▪ LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | x | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |
| ▪ LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | x | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |
| ▪ LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | Le e comenta con suficiencia textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | x | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |
| ▪ LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | x | x | x | P5, P7 e P9<br>I5, I7 e I9 |

**4.6.1. Libros de lectura obrigatorios para 2º de Bacharelato:**

Tamén será obrigatoria a lectura dun libro por avaliación. A este respecto, o departamento resérvase a posibilidade de modificar a proposta de lecturas obrigatorias en función das disposicións para a realización da Reválida ou en base a criterios pedagóxicos. A seguir a relación provisional:

**Primeira avaliación:**

*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao ou *De catro a catro* de Manuel Antonio.

**Segunda avaliación:**

Pendente de concreción a teor das disposicións para a Reválida.

**Terceira avaliación:**

Pendente de concreción a teor das disposicións para a Reválida.

**4.6.2. Temporalización asociada aos bloques de contido:**

Á marxe da temporalización dos estándares de aprendizaxe concretada con anterioridade, o profesor ou a profesora poderá optar pedagoxicamente por empregar a seguinte temporalización á hora de avaliar o alumnado:

Realizaranse **catro exames**, como máximo, por avaliación: un do libro de lectura obrigatoria, e outros dous ou tres dos bloques de contido: B1 e B2 (Comunicación oral e escrita), B3 (Funcionamento da lingua), B4 (Lingua e sociedade) e B5 (Educación literaria). A distribución dos contidos por trimestre non será ríxida e ficará sometida a calquera modificación da temporalización que for preciso realizar, así como a dos diferentes bloques de contido no exames a realizar.

Ademais, este 2º curso de bacharelato LOMCE, ao completar o currículo do bacharelato, repasará o bloque de Funcionamento da lingua (Lingüística) de 1º, ao estar o curso condicionado pola Reválida á que se somete o alumnado logo de superar o Bacharelato, ficando este aspecto pendente en función das disposicións para dita Reválida.

**Primeira avaliación:**

**B1 e B2 Comunicación oral e escrita (Gramática do texto)**. (Nos tres trimestres):

Lectura, comprensión, análise e comentario de texto.

1. Resumo breve do texto ou dunha parte del.
2. Estrutura do texto.
3. Ideas principais e secundarias (esquema).
4. Intencionalidade do texto.

5. Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.

6. Significado (definición ou explicación) concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.

7. Comentario crítico.

**B3 Funcionamento da lingua (Lingüística)**.

1. Fonética, fonoloxía e ortografía.

Conceptos básicos. O sistema vocálico e o sistema consonántico. Descrición de fonemas. Ditongos e tritongos. A acentuación: casos especiais.

2. As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos.

3. A estrutura da palabra.

4. Definicións de palabras.

Repaso dos temas de 1º Bacharelato

1. O determinante artigo.

2. O nome substantivo e adxectivo:

Caracterización. Xénero e número. A gradación do adxectivo

**B3 Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística).**

2. A construción da variedade estándar (historia da normativización). Interferencias lingüísticas: castelanismos. Desviacións da norma.

3. Historia da lingua: o galego desde 1916 a 1936; contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas fundamentais.

**B4 Educación literaria (Literatura)**.

*A práctica:*

0. O comentario literario (nos tres trimestres):

Niveis gráfico, temático pragmático, fónico e fonoestilístico.

1. Comentario literario: Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega do temario. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

2. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa do período literario referido.

*A literatura galega de 1916 a 1936:*

1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras máis representativas.

2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras máis representativos.

3. A prosa de 1916 a 1936: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
4. O teatro de 1916 a 1936: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

**Segunda avaliación**

**B1 e B2 Comunicación oral e escrita (Gramática do texto)**. (Nos tres trimestres):

Lectura, comprensión, análise e comentario de texto.

1. Resumo breve do texto ou dunha parte del.
2. Estrutura do texto.
3. Ideas principais e secundarias (esquema).
4. Intencionalidade do texto.
5. Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
6. Significado (definición ou explicación) concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.
7. Comentario crítico.

**B2 Funcionamento da lingua (Lingüística)**

Repaso dos temas de 1º Bacharelato

3. O pronome persoal:

Caracterización. Formas. Funcións e usos das series tónica e átona. Os reflexivos. Outros usos de SE. A colocación do pronome átono. Secuencias de pronomes átonos. A interpolación.

4. Outros determinantes e/ou pronomes:

Os demostrativos. os posesivos. Os relativos, interrogativos e indefinidos. Os numerais.

**B3 Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística).**

1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos. A súa repercusión nos usos.

4. Historia da lingua: o galego desde 1936 a 1978; contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas fundamentais.

Reforzo de 1º: As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Lingua minorizada e lingua minoritaria.

**B4 Educación literaria (Literatura)**

*A práctica:*

0. O comentario  literario (nos tres trimestres):

Niveis gráfico, temático pragmático, fónico e fonoestilístico.

1. Comentario literario: Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega do temario. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
2. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa do período literario referido.

*A literatura entre 1936 e 1976*

5. A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
6. A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
8. O teatro galego entre 1936 e 1975: a xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
9. A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

**Terceira avaliación**

**B1 e B2 Comunicación oral e escrita (Gramática do texto)**. (Nos tres trimestres):

Lectura, comprensión, análise e comentario de texto.

1. Resumo breve do texto ou dunha parte del.
2. Estrutura do texto.
3. Ideas principais e secundarias (esquema).
4. Intencionalidade do texto.
5. Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
6. Significado (definición ou explicación) concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.
7. Comentario crítico.

**B2 Funcionamento da lingua (Lingüística)**

5. As relacións semánticas:

A sinonimia. Tabús e eufemismos. Polisemia e homonimia. Homografía e homofonía. Relacións entre significados. Os cambios semánticos.

6. A sintaxe:

Unidades e funcións sintácticas.

Repaso dos temas de 1º Bacharelato

5. O verbo. Formas:

A raíz. A vocal temática. Os sufixos modo-temporal e de número e persoa. Os verbos irregulares.

6. O verbo: as categorías verbais:

O modo, tempo e aspecto. Valores temporais e modais.

7. O infinitivo persoal e o participio.

8. As perífrases verbais.

9. O adverbio.

10. A preposición a as locucións prepositivas.

11. A conxunción e as locucións conxuntivas

**B3 Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística)**.

5. Historia da lingua: o galego desde 1978 ata actualidade; contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas fundamentais.

6. Etapas da historia da lingua galega e principais características. Descrición esquemática.

7. A evolución da conciencia lingüística: o galego lingua en proceso de normalización.

**B4 Educación literaria (Literatura).**

*A práctica:*

0. O comentario literario (nos tres trimestres):

Niveis gráfico, temático pragmático, fónico e fonoestilístico.

1. Comentario literario: Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega do temario. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

2. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa do período literario referido.

7. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras máis representativas.

*A literatura galega de 1975 ata a actualidade:*

10. Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.

11. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.

12. Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.

Ditos bloques de contidos deberán recoller os correspondentes estándares de aprendizaxe para avaliar os resultados.

# 5. Concrecións metodolóxicas da materia.

O apartado 2 do artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia define o concepto de metodoloxía didáctica como o *conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.*

## 5.1. Principios metodolóxicos xerais para ESO e Bacharelato.

O enfoque metodolóxico das programacións didácticas deberá fixar as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliables previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias, isto leva consigo importantes cambios na concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, na organización e na cultura escolar, o que requirirá dunha estreita colaboración entre docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe do alumnado, así como cambios na práctica de traballo e nos métodos de ensinanza. Desta forma, a intervención educativa deberá ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

A metodoloxía didáctica a aplicar han de optimizarse para acadar as metas propostas tendo en conta o contexto en que ten lugar a ensinanza. Por un lado, a natureza mesma da materia, os condicionantes socioculturais, os recursos e as características do alumnado (os cambios físicos propios da puberdade, o proceso aberto de definición da propia identidade, a inseguridade, o cuestionamento da autoridade establecida, a influencia do grupo de iguais etc) condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que cómpre aplicar unha metodoloxía que teña presentes tales condicionantes; por outra banda, hai que ter en conta tamén as cambiantes posibilidades intelectuais do alumnado, así como o momento no que este completa o seu proceso de socialización. Consonte o anterior, deberase promover o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo. Desta maneira, os métodos pedagóxicos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, ademais

debe enfocarse cara á realización de tarefas ou situación-problema formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo uso dos coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así mesmo debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Así, para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse **actividades de aprendizaxe integradas** que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar. Mais para que a aprendizaxe sexa eficaz cómpre tomar como referencia o nivel de partida, é dicir, o **nivel competencial previo** de cada alumno ou alumna. Aínda que, se o nivel competencial do que dispón, está moi lonxe dos novos contidos, non poderá conectar de xeito natural con eles o que derivará nunha aprendizaxe memorística, non comprensiva. É por isto que resulta necesario que o profesorado reforce os coñecementos previos de xeito sistemático, xa que sobre eles se han asentar os novos coñecementos.

Canto ao **grao de motivación**, este afecta directamente ao rendemento académico. Para incrementar a motivación convén que o/a docente faga explícita a utilidade dos contidos que se imparten, tanto no ámbito académico como no ambiente cotián do alumnado. Alén disto, presentar certas actividades, difíciles pero accesibles, como un reto vai aumentar o interese entre o alumnado o que facilitará o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo, isto implica un **novo papel do alumnado, activo e autónomo**, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe, no camiño de que o alumnado non só debe comprender o que aprende, senón para que o aprende e ser quen de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula, a través dunha **metodoloxía activa, participativa e contextualizada**, unha aprendizaxe por proxectos ou baseada en problemas para favorecer a implicación, a experimentación, a aprendizaxe funcional que posibilitará o desenvolvemento das competencias, coa finalidade de axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora, proceso este no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Ë polo que un dos recursos metodolóxicos que pode facilitar o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado é o **traballo en grupo**, que constitúe non só un medio, senón un fin en si mesmo nunha sociedade cooperativa. Porén, para asegurar o éxito do traballo en grupo previamente hai que seleccionar con coidado a actividade e o momento máis apropiado para desenvolvela, definir

claramente os obxectivos que se pretenden e o procedemento para realizala, establecer de xeito flexible a composición dos grupos e explicitar como e cando rematará a tarefa.

Polo que respecta á **diversidade**, tanto no que se refire a capacidades como a intereses, deberanse programar distintos niveis de dificultade, que poden requirir dunha atención individualizada ou en grupos reducidos, coa realización de actividades diferenciadas, adaptacións curriculares etc.

Por último, hai que facer fincapé no carácter multidisciplinar tanto da materia de Lingua galega e Literatura como de Lingua castelá e Literatura. Así, por un lado, os avances que o alumnado realice ao longo das etapas educativas en todas as materias van ser causa e consecuencia do progreso no seu dominio das linguas cooficiais; por outra banda, as deficiencias na comprensión e expresión lingüísticas adoitan desembocar en situacións de fracaso escolar. Isto debe levar á complicidade de todo o profesorado para que se implique no logro dos obxectivos básicos das áreas de Lingua galega e Literatura e Lingua castelá e Literatura, o que redundará nunha mellora das condicións de aprendizaxe nas súas respectivas materias, aspecto este recollido nas recomendacións de mellora da calidade educativa.

En resumo, a metodoloxía xeral para ESO e Bacharelato debe partir da competencia inicial do alumnado; debe ser activa e participativa, por proxectos, favorecendo o traballo individual e cooperativo; debe impulsar o traballo en equipo do profesorado e debe prestar atención á diversidade.

### 5.2. Didáctica de aspectos disciplinares concretos. Concreción didáctica para a materia de Lingua galega e Literatura.

Como xa apuntamos anteriormente, a metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Neste aspecto, as materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Por iso, os principios metodolóxicos non se aplican de xeito abstracto, senón sobre contidos disciplinares concretos, polo que convén definir a aplicación da metodoloxía en conexión coas actividades máis características da área, tendo en conta a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- **Adoptar un enfoque comunicativo** no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico, traballando a comprensión oral basicamente con audicións, a fluidez lectora e a comprensión escrita en cada lectura, a expresión oral con exposicións, debates etc. e a expresión escrita con textos escritos de distinta tipoloxía.
- **Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza**, especialmente expositivos e argumentantivos.
- **Promover a utilización da diversidade de fontes** e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- **Propiciar**, non só **actividades individuais**, senón **tamén grupais**, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- **Ler, interpretar e valor obras literarias**, ben individual, ben colectivamente, coa finalidade fomentar o gusto pola lectura e a capacidade de busca e elección, crítica e selectiva de libros e fontes de información.
- **Crear dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades**.
- **Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información**, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- **Fomentar a análise sociolingüística** que debe levar a **reflexionar criticamente sobre a situación social do galego,** e que partirá da premisa de que o alumnado saiba distinguir, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e, por outra, os condicionantes que operan na elección dunha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade (bilingüismo, diglosia, normalización, normativización). Neste senso estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir dito obxectivo.

- **Educar literariamente**, para iso a literatura valerase dos textos co fin de servir de reforzo á consecución de obxectivos non só literarios, senón tamén históricos, sociolóxicos, culturais e sociolingüísticos.
- **Practicar o comentario de texto literario** que deberá conxugar o formalismo coa actitude criticista de cara a unha mellor argumentación persoal.
- **Identificar as interferencias** que serán obxecto dun tratamento detido. A través de textos de diferentes épocas o alumnado irá discriminando os castelanismos e valorando os motivos históricos e sociais que provocaron e provocan a súa aparición. Igualmente o traballo de depuración irá encamiñada a distinguir todo tipo de desviacións da norma.

### 5.3. Estratexias metodolóxicas. Orientacións.

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela, mediante un enfoque construtivista da aprendizaxe e tendo presente a necesidade de traballar textos, sobre todo escritos, así como de fomentar o espírito cooperativo e crítico. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto; concretado todo a través das seguintes estratexias metodolóxicas:

- Realizar actividades encamiñadas a coñecer as **ideas previas** que alumnado ten en torno aos contidos a traballar.
- **Propor una exposición didáctica do/a profesor/a**, que leve a presentar os obxectivos e os contidos dunha forma atractiva a fin de motivar o alumnado.
- **Promover a comprensión lectora e o hábito lector**. A este fin, incluímos na programación lecturas obrigatorias sobre as que se realizarán distintas actividades: debates na aula, guías de lectura, controis de lectura etc. Tamén se proporán lecturas recomendadas de carácter voluntario, avaliándoas positivamente.

- **Desenvolver, por parte do/a profesor/a, unha exposición dos conceptos máis complexos e novos de xeito ameno**, botando man das TIC, coa finalidade de promover o uso das mesmas.
- **Traballar sobre textos modelo** (orais ou escritos) de tipo descritivo, narrativo, expositivo, argumentativo etc. dependendo do curso; realizando exercicios, actividades e tarefas, a fin de desenvolver as competencias clave canto á expresión oral e escrita.
- **Fomentar o traballo práctico individual: o alumnado creará textos do mesmo tipo ca o modelo traballado** (planificar, xerar ideas, ordenalas, redactar, autocorrixir, reelaborar).
- **Fomentar o traballo práctico cooperativo**, por exemplo nas exposicións orais: investigación, selección de información e exposición oral do tema na aula, apoiándose nas TIC, e procurando fomentar a aprendizaxe activa e o traballo cooperativo.
- **Levar a cabo unha corrección e reelaboración dos textos,** polo/a profesor/a.
- **Realizar exercicios** de morfoloxía, sintaxe etc.
- **Facer unha reflexión crítica sobre as ideas,** de textos de temática variada, resumos, estrutura e esquemas das ideas do texto, e posteriores debates.
- Achegar **o estudo da literatura tendo como elemento central de referencia o texto literario** (lectura, comprensión, audicións de poemas musicados, películas sobre obras…). Traballar o **comentario literario**, desde a introdución progresiva na ESO ata chegar a unha maior complexidade no bacharelato.
- **Introducir de xeito pregresivo a autoavaliación e a coavaliación** a través de fichas, en tarefas concretas.

En resumo, as anteriores estratexias metodolóxicas enmárcanse no proxecto de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe, para iso terase en conta o proxecto lingüístico do centro de cara á impartición do currículo integrado das linguas, cando menos desde unha perspectiva de acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

## 6. Materiais e recursos didácticos.

Na etapa educativa da **ESO**, o alumnado contará nos catro curso cun libro de texto que servirá de base para organizar as actividades de aprendizaxe.

A seguir os libros elixidos polo Departamento:

**Primeiro de ESO**: *Lingua e literatura 1 ESO* da editorial Santillana-Obradoiro, Serie Comunica (2015) e ISBN 978-84-9972-217-7.

**Segundo de ESO**: *Lingua e Literatura 2 ESO* da editorial Santillana-Obradoiro (2016) e ISBN 978-84-9972-590-1.

**Terceiro de ESO**: *Lingua e Literatura 3 ESO* da editorial Xerais (2015) e ISBN 978-84-9914-890-8.

**Cuarto de ESO**: *Lingua e Literatura 4 ESO* da editorial Xerais (2016) e ISBN 978-84-9121-024-5.

O recurso do libro de texto é completado coa entrega ao alumnado de material de apoio, fotocopias con temas que ou ben supoñen unha achega didáctica nova ou ben complementan os do libro de texto, así como fichas para a realización de exercicios prácticos relacionados cos temas de Lingua e Literatura, en todos os niveis de ESO, ademais do uso dos recursos dixitais (gravacións dixitais, audicións musicais de textos literarios en rede, análise de temas en Powerpoint ou impress...), do traballo cos medios de comunicación en xeral ou cine (adaptacións literarias).

Pola contra no **Bacharelato** non usaremos libro de texto en ningún dos dous cursos nos que se divide; é o profesorado que imparte neste nivel o que elabora as unidades didácticas para o alumnado, complementadas con fichas de exercicios, facilitando tamén exercicios prácticos de Sociolingüística e Análise de Texto; ademais do uso dos recursos dixitais (gravacións dixitais, audicións musicais de textos literarios en rede, análise de temas en power point...), do traballo cos medios de comunicación en xeral ou cine (adaptacións literarias).

En ambos os dous niveis, ESO e bacharelato, o recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) deberá ser un elemento activo máis da aprendizaxe. A educación dixital xirará arredor do proxecto Abalar, internet, wikirmau, blogs...) que deberán ser empregados dun xeito progresivo e complementar, como apoio ao labor de aula, por exemplo, na páxina web do centro, concretamente no Departamento de Galego, o alumnado poderá consultar material complementario así como diferentes ligazóns sobre a materia, ao igual que no wikirmau, na intranet; ou no blog do Departamento, *Degalego*. Véxase:

http://www.edu.xunta.es/centros/iesallerulloa/

http://wikirmau.iesallerulloa.es/index.php/Categor%C3%ADa:Departamento_de_lingua_galega_e_literatura

http://degalegoiesallerulloa.blogspot.com.es/

Aínda que como xa sinalamos anteriormente os recursos educativos a empregar son semellantes, concretaremos algúns deles por niveis:

En 1º de ESO o principal recurso a empregar será o libro de texto e como material complementar o profesorado entregaranlles ao alumnado fichas adaptadas ás necesidades de cada grupo, tamén se utilizará algún xogo pedagóxico e se traballará cos libros de lectura; igualmente botarase man de material dixital, sobre todo ao estar o curso inserido no proxecto Abalar.

En 2º de ESO o libro de texto tamén será o material didáctico de referencia, aínda que para reforzar algún aspecto concreto tamén se empregarán textos tirados dos libros de lectura e fotocopias complementares dos diferentes bloques de contido. Por outro lado, algunhas das unidades didácticas serán explicadas co apoio de material dixital (o curso forma parte do proxecto Abalar).

En 3º de ESO o libro de texto será igualmente o recurso base co que se traballará, aínda que certos temas de Comunicación escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade ou Educación literaria serán complementados con apuntamentos ou fichas de exercicios. Tamén serán empregadas as TIC nos diferentes bloques de contido para facer máis amena a adquisición de coñecementos. Igualmente serán utilizadas as TIC na lectura dos libros *Memorias dun neno labrego*, *Makinaria* e *Penúltimas tendencias*, a través das correspondentes guías de lectura publicadas tamén en soporte de papel.

En 4º de ESO o libro de texto será o punto de partida, acompañado de fotocopias de diversos temas complementarios, caso do bloque de Comunicación escrita, Funcionamento da lingua (Semántica, Léxico, Lingua), Lingua e sociedade e Educación literaria). Así mesmo, nalgúns temas ou mesmo libros de lectura, como *Erros e tánatos*, *Cousas*, *A sombra cazadora*, *Non hai misericordia* ou *Atila* tamén se empregarán as TIC, a través das correspondentes guías de lectura publicadas tamén en soporte de papel.

A respecto das guías de lectura, estas preparámolas co obxectivo de impulsar a lectura compartida entre o alumnado e as persoas coas que conviven no ámbito familiar, como pretexto para a comunicación e o debate, neste curso tocaralle a quenda como nova guía a *Atila* de Inacio Vilariño e Iván Suárez, ademais da reedición ampliada cos comentarios do

alumnado da guía dedicada a *Makinaria* e *Penúltimas tendencias.* Alén disto, serán reeditadas as guías que se precisen para o seu traballo na aula.

Nos cursos de bacharelato como xa sinalamos antes non haberá libro de texto, o alumnado empregará o material específico elaborado polo Departamento sobre os diferentes bloques de contidos e que lle será a través da fotocopiadora do centro.

Ademais, tanto na ESO como no Bacharelato o alumnado debera ler obrigatoriamente, como mínimo, un libro ou dous de literatura galega ou da literatura universal, pero traducido ao galego, por trimestre.

**Das lecturas obrigatorias xa demos conta no apartado 2.2. desta programación.**

**A seguir as lecturas recomendadas para cada nivel:**

**Lecturas opcionais recomendadas para 1º de ESO:**

*Esmeraldina, a pequena defunta* de Ledicia Costas, *Camiño perigoso* de Ánxela Loureiro, *Os mornias* de Lola González, *Prohibido casar, papá* de Fina Casalderrey, *A expedición do Pacífico* de Marilar Aleixandre, *A chave da Atlántida* de Anxo Fariña, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* de Pepe Carballude, *Flanagan de Luxe* de André Martín, *As meigas de Lupa* de María Solar, *Bieito Dubidoso* de Roque Cameselle, *Ovella descarreirada* (poesía) de Marilar Aleixandre. A serie *Os Megatoxos* de Anxo Fariña. A serie *Dragal* de Elena Gallego Abad...

**Lecturas opcionais recomendadas para 2º de ESO:**

*Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* de Ledicia Costas, *Trece anos de Branca*, Agustín Fernández Paz; *Rapazas*, Agustín Fernández Paz; *O futuro roubado*, Ramón Caride; *Cando petan na porta pola noite*, Xabier P. Docampo; *Irmán do vento*, Manuel Lourenzo; *Das cousas de Ramón Lamote*, Paco Martín; *O ceo dos afogados*, Francisco Castro; *Cos pés no aire,* Agustín Fernández Paz; *Cara a fin da luz,* Carlos Vila Sexto; *Os nenos numerados,* Juan Farías; *Mutacións xenéticas,* Fina Casalderrey; *Salitre,* S. Jaureguizar; *Proxecto pomba dourada,* Miguel Vázquez Freire; *Amor dos quince anos, Marilyn,* Agustín Fernández Paz; *O segredo da pedra figueira,* María Xosé Queizán; *Volvo! O regreso de Usha,* María Reimóndez; *O futuro roubado,* Ramón Caride Ogando; *Recinto gris,* Ledicia Costas; *De cristal,* Silvestre Gómez Xurxo; *A illa de todas as illas,* Xabier P. Docampo. A serie *Un misterio para Tintimán* de Jaureguizar. Os contos da colección *Cabalo buligán* de Xerais...

**Lecturas opcionais recomendadas para 3º de ESO:**

*Antoloxía do conto galego. Século XX,* Xerais; *Irmán Rei Artur,* Carlos G. Reigosa; *O centro do labirinto,* Agustín Fernández Paz; *Contos populares*, Galaxia; *Maldito DNI*, Pepe

Carballude, *Mutacións xenéticas* de Fina Casalderrey, *Rúa Carbón* de Marilar Aleixandre, *O achado do castro* de Manuel Núñez Singala, *Aire negro* de Agustín Fernández Paz, *As cousas claras* de Xosé A. Neira Cruz, *O corazón de Xúpiter* de Ledicia Costas, *Pel de lobo* de Xosé Miranda, *As palabras poden matar* de Marcos Calveiro, *A neve interminable* de A. Fernández Paz, *Silencio* de Fran Alonso, *Tristes armas* de Marina Mayoral...

**Lecturas opcionais recomendadas para 4º de ESO:**

*Tempos de bebidas isotónicas e fast-food,* Álex Alonso; *Dos arquivos do trasno*, Rafael Dieste (Galaxia); *Arnoia. Arnoia,* Xosé Luís Méndez Ferrín (Xerais); *O Naranxo*, Ramón Valenzuela Otero (Asociación Cultural O Naranxo); *Non agardei por ninguén*, Ramón Valenzuela Otero (Xerais); *Un nicho para Marilyn*, Miguel Anxo Fernández (Galaxia); *O que Darwin non previu*, Alba Payo Froiz (Urco Editora); *A praia dos afogados*, Domingo Villar (Galaxia); *Tarxeta vermella*, Xosé Miranda (Xerais); *Extramunde*, Xavier Queipo (Xerais); *Saxo tenor* (teatro), Roberto Vidal Bolaño (La Voz de Galicia); *Veleno tinto*, Ramón Carredano Cobas (Xerais); *Tinta*, Inma López Silva (Galaxia); *Conta saldada*, Suso de Toro; *O xogo de Ender*, Orson Scott Card (Urco Editora); *Irmán do vento*, Manuel Lourenzo González (Xerais); *O crime da rúa da Moeda Vella*, Román Raña (Xerais); *A forma das nubes*, María López Sánchez (Xerais); *Nubes de evolución*, Andrea Moreiras (Xerais); *O derradeiro libro de Emma Olsen*, Berta Dávila (Galaxia); *O códice do Santo Lugar*, Pere Tobaruela (Xerais); *O mundo secreto de Basilius Hoffman: o ladrón de soños* (Urco); *O mundo secreto de Basilius Hoffman: o faro na escuri*dade (Urco); *Os televisores estrábico*s, Ramón Vilar Landeira (Xerais); *Faneca Brava* de Manuel Portas; *Europa Express,* Andrea Maceiras; *Madonna e outros contos de inverno,* Manuel Rivas; A triloxía *Ámote Leo A.,* Rosa Aneiros...

**Lecturas opcionais recomendadas para 1º de Bacharelato:**

*Casa Baratas,* Antón Riveiro Coello; *Festina lente,* Marcos S. Calveiro; *Conexión Tubinga,* Alberto Canal; *O Club da Calceta,* María Reimóndez; *Arraianos,* Xosé Luís Méndez Ferrín; *Cabalos e lobos,* Fran P. Lorenzo; *A viaxe de Gagarin,* Agustín Fernández Paz; *A memoria da choiva,* Pedro Feijoo; *Conduce rápido,* Diego Ameixeiras; *Hai que matalos a todos,* Héctor Carré; *A vinganza do defunto,* Carlos G. Reigosa; *Amor en alpargatas,* Manuel Portas; *Morena, perigosa e románica;* Pedro Feijoo*; A boca da terra* (poesía)*,* Manuel Rivas; *Longa noite de pedra,* Celso Emilio Ferreiro; *A nosa cinza,* Xavier Alcalá...

**Lecturas opcionais recomendadas para 2º de Bacharelato:**

*Todo canto fomos*, Xosé Monteagudo (Galaxia); *Aqueles días en que eramos malas,* Inma López Silva (Galaxia); *O último día de Terranova*; Manuel Rivas (Xerais); *O espello do mundo,* Ramón Nicolás (Xerais); *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food,* Álex Alonso (Xerais); *Dos*

*arquivos do trasno*, Rafael Dieste (Galaxia); *Non agardei por ninguén*, Ramón Valenzuela Otero (Xerais); *Saxo tenor* (teatro), Roberto Vidal Bolaño (La Voz de Galicia); *Faneca Brava* de Manuel Portas; *Casa Baratas,* Antón Riveiro Coello; *Festina lente,* Marcos S. Calveiro; *Conexión Tubinga,* Alberto Canal; *O Club da Calceta,* María Reimóndez; *Arraianos,* Xosé Luís Méndez Ferrín; *A viaxe de Gagarin,* Agustín Fernández Paz; *Morena, perigosa e romántica;* Pedro Feijoo*; A boca da terra* (poesía)*,* Manuel Rivas; *Longa noite de pedra,* Celso Emilio Ferreiro; *A nosa cinza,* Xavier Alcalá; *Os libros arden mal,* Manuel Rivas (Xerais), *Tic-Tac,* Suso de Toro (Xerais), *Os elefantes de Sokúrov* (Galaxia)...

Igualmente poderá haber **lecturas concertadas** dentro deste apartado de lecturas recomendadas.

## 7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

O currículo LOMCE presenta uns novos elementos denominados “estándares de aprendizaxe” o que provoca unha certa confusión cos criterios de avaliación. No entanto a concreción dos mesmos formará un todo cos criterios.

A LOMCE define os Estándares de aprendizaxe avaliables como *especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables*. Veñan a ser xa que logo unha concreción dos criterios de avaliación, é dicir, son uns criterios moito máis detallados e concretos, a base para establecer rúbricas de cualificación.

A diferenza pois radica en que “os estándares son niveis de realización aceptábeis ou non aceptábeis para cada un dos criterios”. É dicir, determinan até que punto logramos ou non un criterio de avaliación delimitando o grao de éxito que se conseguiu durante o proceso de ensino/aprendizaxe. O que nos leva a reflexionar se os estándares de aprendizaxe son o novo referente no currículo. Un currículo centrado nos criterios e estándares no cal os obxectivos case que brillan notoriamente pola súa ausencia. Quizais preocupen máis as notas do alumnado que as metas a alcanzar. Pasamos entón a un sistema educativo centrado obsesivamente na avaliación e na presión sobre o alumnado fronte á preocupación pola realización dunha aprendizaxe que sexa significativa?

Ao contrario, a presenza de estándares en detrimento dos obxectivos fai que sexa o profesorado o que os detalle nas programacións, daquela dános máis autonomía pedagóxica no deseño dos mesmos? Coidamos que non.

Canto á avaliación, esta non pode ser un proceso puntual no devalar de cada trimestre senón que debe ser **continua, formativa e integradora**; así neste proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumnado non sexa o adecuado, estableceremos medidas de reforzo, que serán aplicadas en canto se detecten dificultades, procurando mellorar o proceso de aprendizaxe. A isto débese engadir a posibilidade de avaliar todo o proceso de ensinanza a través de diversas técnicas como poden ser o contacto con todos os implicados (compañeiros/as, pais/nais...) e o intercambio de opinións e informacións con outros docentes da mesma área, do mesmo grupo ...

Canto ao bacharelato, a avaliación da aprendizaxe do alumnado será **continua, diferenciada** e **formativa,** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe

Por outro lado, o profesorado deberá avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que **estableceremos indicadores de logro na presente programación didáctica**.

Por último, sinalar que ao longo do curso se realizarán tres avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo cos momentos fixados pola xefatura de estudos, habitualmente coincidindo coa fin de cada trimestre natural. Isto supoñerá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensino-aprendizaxe e conseguintemente a elaboración de propostas de mellora.

**7.1. Criterios de avaliación (CA) para 1º de ESO.**

Os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

**B1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.

B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía..

B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.

B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.

B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).

B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir.**

B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.

B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.

B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.

B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.

B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.

B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.

**B3. Funcionamento da lingua (Lingüística).**

B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.

B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.

B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.

B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.

B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.

B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).

B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

**B4. Lingua e sociedade.**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.

B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.

**B5. Educación literaria.**

B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando asimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.

B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.

B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

**7.2. Criterios de avaliación (CA) para 2º de ESO.**

Os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

**B1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.

B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.

B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.

B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).

B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.

B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.

B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.

B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).

B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.

B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.

B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.

B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.

B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.

B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.

B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.

B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.

4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.

B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

**7.3. Criterios de avaliación (CA) para 3º de ESO.**

Os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

**B1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.

B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.

B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.

B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativo, tanto espontáneas como planificadas.

B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.

B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.

B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.

B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.

B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.

B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.

B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.

B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.

B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.

B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.

B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares.

B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.

B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.

B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos.

B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.

B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.

B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.

B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.

B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.

B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.

B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.

B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.

B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B4.4. Recoñecer os principias elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.

B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.

B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.

**Bloque 5. Educación literaria.**

B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

**7.4. Criterios de avaliación (CA) para 4º de ESO.**

Os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

**B1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.

B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.

B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).

B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos

B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.

B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.

B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.

B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.

B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.

B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.

B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.

B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.

B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.

B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.

B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.

B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.

B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.

B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.

B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

**Bloque 4. Lingua e sociedade.**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.

B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.

B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.

**Bloque 5. Educación literaria.**

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

**7.5. Criterios de avaliación (CA) para 1º de Bacharelato.**

Os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

**B1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.

B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).

B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).

B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto..

B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.

B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.

B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.

B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.

B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.

B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.

B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado.

B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.

B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.

B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.

B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.

B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas.

B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo.

B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste.

B4.4. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilizalas correctamente.

B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos.

B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos.

B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.

**Bloque 5. Educación literaria.**

B5.1. Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

B5.2. Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.

B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.

B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais.

B5.6. Ler textos significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.

B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

**7.6. Criterios de avaliación (CA) para 2º de Bacharelato.**

Os mesmos servirán para valorar e avaliar os diferentes bloques de contidos, asociados ás competencias clave.

**B1. Comunicación oral. Escoitar e falar.**

B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.

B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).

B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.

B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.

B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.

B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.

B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

**Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.

B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.

B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.

B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.

B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.

B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.

B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.

B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.

B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.

B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.

B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.

B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.

B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.

B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.

B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.

B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:

–Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.

–Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.

–Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.

B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:

–Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.

–Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.

–Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:

–Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

–Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

–Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

**7.7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado da ESO.**

Os criterios de cualificación (ou rúbricas cualificadoras) e promoción serven para avaliar as competencias adquiridas polo alumnado nos diferentes bloques de contidos nos que se divide a materia de Lingua galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria, criterios baseados nos estándares de aprendizaxe.

Por outra parte, a cualificación ou rúbrica debe proporcionar referencias para valorar todos os aspectos do proceso educativo, ofrecendo información para a toma de decisións e mostrando con claridade a relación entre os elementos do currículo. Así, as cualificacións ou rúbricas expresarán a concreción deses elementos e obteranse mediante os seguintes procesos de elaboración:

1. Análise dos obxectivos.
2. Relación entre os obxectivos, os criterios de avaliación e as competencias.
3. Definición dos estándares de aprendizaxe e adquisición dos mesmos, o que nos debe levar a unha observación máis nidia das condutas e dos niveis de logro a través da temporalización, tal e como vimos no **apartado 4** (concretamente do **apartado 4.1. ao 4.4.**) sobre estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución para superar a materia, temporalización e procedementos e instrumentos de avaliación.

Pero, para que a avaliación sexa efectiva, o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se vai avaliar. Así, o resultado da aplicación dos criterios e instrumentos de avaliación expresarase, en cada un dos trimestres e ao rematar o curso mediante unha escala de cualificación (de un a dez) que terá como referente os estándares descritos previamente e que estará de acordo coas normas de cualificación aprobadas polo Departamento.

A cualificación ou rúbrica de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas a través dos procedementos utilizados, que deben ser variados e capaces de ofrecer información relevante sobre o cumprimento dos estándares da área e dos obxectivos xerais que serven de referente para todas as áreas da ESO e para iso valoraranse os estándares de acordo co

seguinte **baremo aprobado polo Departamento en reunión celebrada o 7 de setembro de 2016** para cada curso:

### 7.7.1. Criterios de cualificación para 1º de ESO:

| Estándares de aprendizaxe | Procedemento e instrumento | Porcentaxe na nota das avaliacións |
|---|---|---|
| **B1. Comunicación oral. Escoitar e falar:**<br>LGB1.1.1, 1.1.2, 1.2.1, 1.2.2, 1.3.1, 1.3.2, 1.4.1, 1.4.2, 1.4.3,1.5.1, 1.5.2.(Escoitar).<br>LGB1.6.1, 1.6.2,1.6.3, 1.7.1,1.7.2,1.7.3 ,1.7.4, 1.8.1, 1.8.2, 1.9.1, 1.9.2, 1.9.3, 1.9.4, 1.9.5, 1.9.6, 1.10.1, 1.10.2. (Falar).<br>**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir:**<br>LGB2.1.1, 2.1.2,2.1.3,2.1.4,2.1.5, 2.1.6, 2.1.7,2.2.1, 2.3.1, 2.4.1, 2.4.2, 2.5.1, 2.6.1, 2.6.2,2.7.1, 2.7.2, 2.7.3. (Ler).<br>LGB2.8.1, 2.8.2,2.8.3,2.8.4,2.9.1, 2.10.1, 2.10.2, 2.11.1,2.12.1, 2.13.1, 2.14.1, 2.14.2. (Escribir). | Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rúbrica de expresión oral.<br>Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rexistro cualitativo.<br>Producións textuais individuais e rúbrica.<br>Revisión do caderno e rexistro cuantitativo.<br>Exame (un ou dous por avaliación, arredor da produción textual). | 20% |
| **B3. Funcionamento da lingua:**<br>LGB3.1.1, 3.2.1, 3.3.1, 3.4.1, 3.4.2, 3.5.1, 3.6.1, 3.7.1, 3.8.1, 3.9.1, 3.9.2, 3.10.1, 3.11.1, 3.12.1, 3.13.1 | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo das notas). | 40% |
| **B4. Lingua e sociedade:**<br>LGB4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4, 4.2.1, 4.2.2, 4.3.1, 4.4.1, 4.5.1, 4.6.1, 4.6.2, 4.6.3. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo | 10% |
| **B5. Educación literaria:**<br>LGBL5.1.1, 5.2.1, 5.2.2, 5.2.3, 5.2.4, 5.3.1, 5.4.1, 5.5.1, 5.6.1, 5.7.1, 5.7.2, 5.7.3, 5.7.4, 5.8.1. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Traballos individuais ou en grupo e rexistro cuantitativo que poderán puntuar á parte. | 20% |
| **Libro de lectura obrigatoria:**<br>Complementario do B2. | Proba escrita ou entrevista oral e rexistro cuantitativo. | 10% |
| Ademais o profesor ou a profesora propoñerá ao alumnado a **lectura de libros optativos, podendo escoller** | | |

| |
|---|
| **ata dous por avaliación, co ou cos que poderá acadar un punto como máximo a maiores da nota.** |

### 7.7.2. Criterios de cualificación para 2º de ESO:

| Estándares de aprendizaxe | Procedementos e instrumentos de avaliación | Porcentaxe na nota das avaliacións |
|---|---|---|
| **B1. Comunicación oral. Escoitar e falar:**<br>LGB1.1.1,1.1.2,1.2.1,1.2.2,1.3.1, 1.3.2,1.4.1,1.4.2,1.4.3,1.5.1,1.5.2, 1.5.3. (Escoitar).<br>LGB1.6.1,1.6.2,1.6.3,1.6.4, 1.7.1,1.7.2,1.8.1,1.8.2,1.8.3,1.9.1, 1.9.2,1.9.3,1.9.4,1.9.5,1.10.2, 1.10.3,1.10.4. (Falar).<br>**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir:**<br>LGB2.1.1, 2.1.2,2.1.3, 2.1.4, 2.1.5, 2.1.6,2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.3.1, 2.3.2, 2.4.1, 2.4.2, 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3, 2.6.1, 2.6.2, 2.6.3, 2.6.4, 2.7.1, 2.7.2. (Ler).<br>LGB2.8.1, 2.8.2, 2.8.3, 2.8.4, 2.8.5, 2.8.6, 2.9.1, 2.10.1, 2.11.1, 2.12.1, 2.12.2, 2.13.1, 2.14.1. (Escribir). | Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rúbrica de expresión oral.<br>Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rexistro cualitativo.<br>Producións textuais individuais e rúbrica.<br>Exame (un ou dous por avaliación, arredor da produción textual). | 20% |
| **B3. Funcionamento da lingua:**<br>LGB3.1.1, 3.2.1, 3.3.1, 3.4.1, 3.5.1, 3.5.2, 3.6.1, 3.7.1, 3.7.2, 3.8.1, 3.8.2, 3.9.1,3.9.2, 3.10.1, 3.11.1, 3.12.1. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo das notas). | 40% |
| **B4. Lingua e sociedade:**<br>LGB4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4, 4.1.5, 4.1.6, 4.2.1, 4.2.2, 4.3.1, 4.3.2, 4.4.1, 4.5.1, 4.6.1, 4.6.2, 4.6.3, 4.6.4. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo | 10% |
| **B5. Educación literaria:**<br>LGBL5.1.1, 5.1.2, 5.2.1, 5.3.1, 5.4.1, 5.5.1, 5.5.2, 5.6.1, 5.7.1, 5.8.1, 5.8.2, 5.9.1. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Traballos individuais ou en grupo e rexistro cuantitativo que puntuarán á parte. | 20% |
| **Libro de lectura obrigatoria:** | Proba escrita ou entrevista oral | 10% |

| | | |
|---|---|---|
| Complementario do B2. | e rexistro cuantitativo. | |
| Ademais o profesor ou a profesora propoñerá ao alumnado a **lectura de libros optativos, podendo escoller ata dous por avaliación, co ou cos que poderá acadar un punto como máximo a maiores da nota.** | | |

### 7.7.3. Criterios de cualificación para 3º de ESO:

| Estándares de aprendizaxe | Procedementos e instrumentos de avaliación | Porcentaxe na nota das avaliacións |
|---|---|---|
| **B1. Comunicación oral. Escoitar e falar:**<br>LGB1.1.1.,1.1.2,1.2.1,1.2.2,1.2.3, 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3, 1.4.1, 1.4.2, 1.5.1 e 1.5.2.(Escoitar).<br>LGB 1.6.1,1.6.2,1.6.3, 1.7.2, 1.7.3, 1.7.4, 1.8.1, 1.8.2, 1.8.3, 1.8.4, 1.8.5, 1.8.6, 1.8.7, 1.9.1, 1.9.2, 1.9.3, 1.9.4, 1.10.1, 1.10.2. (Falar).<br>**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir:**<br>LGB 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 1.1.4, 2.2.1, 2.2.2,2.3.1, 2.3.2., 2.4.1. 2.4.2, 2.4.3, 2.5.1, 2.5.2, 2.6.1, 2.7.1, 2.7.2, 2.8.1, 2.8.2. (Ler).<br>LGB2.9.1, 2.10.1, 2.11.1, 2.11.2, 2.12.1, 2.12.2, 2.12.3, 2.12.4, 2.12.5, 2.12.6, 2.13.1, 2.14.1(Escribir). | Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rúbrica de expresión oral.<br>Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rexistro cualitativo.<br>Producións textuais individuais e rúbrica.<br>Exame (un por avaliación, arredor da produción textual). | 20% |
| **B3. Funcionamento da lingua:**<br>LGB 3.1.1, 3.2.1, 3.2.2, 3.3.1,3.3.2, 3.4.1, 3.5.1, 3.6.1, 3.7.1, 3.8.1, 3.9.1, 3.10.1, 3.11.1, 3.12.1, 3.13.1 | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo das notas). | 30% |
| **B4. Lingua e sociedade:**<br>LGB4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4, , 4.1.5, 4.1.6, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.3, 4.3.1, 4.3.2, 4.3.3, 4.4.1, 4.4.2, 4.4.3, 4.4.4, 4.4.5, 4.5.1, 4.7.1, 4.7.2, 4.6.1, 4.7.3. | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo | 10% |
| **B5. Educación literaria:** | Exame (un por avaliación e rexistro | 30% |

| | | |
|---|---|---|
| LGB5.1.1, 5.1.2, 5.2.1, 5.2.2, 5.2.3, 5.2.4, 5.3.1, 5.3.2, 5.4.1, 5.5.1, 5.5.2, 5.6.1, 5.6.2. | cuantitativo da nota).<br>Traballos individuais ou en grupo e rexistro cuantitativo que puntuarán á parte. | |
| **Libro ou libros de lectura obrigatoria:**<br>Complementario(s) do B2. | Proba(s) escrita(s) ou entrevista(s) orais e rexistro cuantitativo. | 10% |
| Ademais o profesor ou a profesora propoñerá ao alumnado a **lectura de libros optativos, podendo escoller ata dous por avaliación, co ou cos que poderá acadar un punto como máximo a maiores da nota.** | | |

### 7.7.4. Criterios de cualificación para 4º de ESO:

| Estándares de aprendizaxe | Procedementos e instrumentos de avaliación | Porcentaxe na nota das avaliacións |
|---|---|---|
| **B1. Comunicación oral. Escoitar e falar:**<br>LGB1.1.1, 1.1.2, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 1.3.1, 1.3.2, 1.4.1,1.5.1, 1.5.2, 1.5.3. (Escoitar).<br>LGB1.6.1,1.6.2,1.6.3,1.7.1,1.7.2,1.7.3,1.7.4, 1.8.1,1.8.2,1.9.1,1.9.2,1.9.3,1.9.4,1.9.5, 1.10.1,1.11.1,1.11.2, 1.12.1,1.13.1. (Falar).<br>**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir:**<br>LGB2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.1.5, 2.2.1, 2.2.2, 2.3.1, 2.3.2, 2.4.1, 2.4.2, 2.5.1, 2.5.2, 2.6.1, 2.6.2, 2.7.1, 2.7.2. (Ler).<br>LGB2.8.1, 2.8.2, 2.9.1, 2.9.2, 2.9.3, 2.9.4, 2.9.5, 2.10.1, 2.10.2, 2.10.3, 2.11.1, 2.12.1, 2.13.1, 2.13.2, 2.13.3, 2.14.1. (Escribir). | Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rúbrica de expresión oral.<br>Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rexistro cualitativo.<br>Producións textuais individuais e rúbrica.<br>Exame (un ou dous por avaliación, arredor da produción textual). | 20% |
| **B3. Funcionamento da lingua:**<br>LGB3.1.1, 3.1.2, 3.2.1, 3.3.1, 3.3.2, 3.3.3, 3.3.4, 3.4.1, 3.5.1, 3.6.1, 3.6.2, 3.7.1, 3.8.1, 3.8.2, 3.8.3, 3.8.4, 3.8.5, 3.9.1, 3.10.1, 3.10.2, 3.10.3, 3.10.4, 3.11.1, 3.11.2, 3.12.1, 3.12.2, 3.13.1, 3.14.1. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo das notas). | 30% |
| **B4. Lingua e sociedade:**<br>LGB4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.3, 4.2.4, 4.2.5, 4.3.1, 4.3.2, 4.3.3, 4.4.1, 4.4.2, 4.4.3, 4.4.4, 4.4.5, 4.5.1, 4.6.1, 4.6.2, 4.7.1, 4.7.2, 4.7.4, 4.7.5. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo | 10% |

| | | |
|---|---|---|
| **B5. Educación literaria:**<br>LGB5.1.1, 5.1.2, 5.2.1, 5.2.2, 5.2.4, 5.2.4, 5.3.1, 5.3.2, 5.4.1, 5.5.1, 5.5.2, 5.6.1, 5.6.2, 5.6.2. | Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Traballos individuais ou en grupo e rexistro cuantitativo que puntuarán á parte. | 30% |
| **Libros de lectura obrigatoria:**<br>Complementario(s) do B2. | Probas escritas ou entrevistas orais<br>e rexistro cuantitativo. | 10% |
| Ademais o profesor ou a profesora propoñerá ao alumnado a **lectura de libros optativos, podendo escoller ata dous por avaliación, co ou cos que poderá acadar un punto como máximo a maiores da nota.** | | |

**7.7a. Notas aclaratorias sobre os criterios de cualificación na ESO:**

1. Segundo acordo do Departamento de Lingua galega en reunión celebrada en setembro de 2016, **poderase restar** dos diferentes exames ou traballos presentados polos seguintes aspectos de gramática textual e ortografía: presentación incorrecta, imprecisións terminolóxicas, incoherencias no texto, erros de cohesión (nexos non apropiados e mala puntuación do texto) e incorreccións ortográficas. A porcentaxe a aplicar non deberá ser superior ao 50% do valor de cada unha das propostas dos exames ou traballos.

2. A cualificación mínima a obter para demostrar que os libros de lectura obrigatoria (un ou dous por trimestre) foron lidos non debe ser inferior a 0,40 puntos sobre un (1).

3. Aos exames (ou no seu defecto traballos que os substitúan) de contidos dos diferentes bloques outorgaráselles en total un máximo de 10 puntos, aplicándolles a ditos exames a porcentaxe de nota correspondente. A distribución dos exames será a seguinte:

**B1 e B2 (Bloques de Comunicación oral e escrita) e B3 (Bloque de Funcionamento da lingua)** formarán parte dun único exame (independentemente de se son un ou dous os realizados por avaliación).

**B4 (Bloque de Lingua e sociedade)**. Un ou dos exames por avaliación.

**B5 (Bloque de Educación literaria)**. Un ou dous exames por avaliación.

4. As rúbricas cualificadoras anteriores poderán ser modificadas e adaptadas ás necesidades pedagóxicas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos, contidos e das competencias e conforme os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe; polo que o reparto da puntuación poderá variar en función do desenvolvemento trimestral dos diferentes bloques de contido, sobre todo nos cursos desdobrados de 1º e 2º de ESO.

5. Á entrega de traballos propostos, comentarios literarios e/ou elaboración de textos de diversa índole, intervencións na clase, deberes en xeral, caderno... poderáselles outorgar no

seu conxunto **un máximo de 0,75 puntos** que serán engadidos á nota final de cada avaliación trimestral, repartida dita puntuación da seguinte maneira: entre 5 e 6 inclusive de nota de traballos, 0,25 puntos; entre 7 e 8 inclusive, 0,50 puntos; entre 9 e 10, 0,75 puntos; sempre e cando a media final de exames do trimestre non seca inferior a catro (4).

6. Na puntuación anterior non se inclúen os libros de lectura opcionais (dous como máximo) que, como xa indicamos, poderán ser cualificados cun máximo de un punto, é dicir 0,50 por cada libro.

7. **A fórmula a aplicar na ESO será a seguinte:**

**B1, B2 e B3 + B4 + B5 = X**

**X + Nota lecturas(s) obrigatoria(s) = Nota exames**

**Nota exames + Nota traballos e/ou libros opcionais = Nota avaliación trimestral.**

**O baremo de 4º de ESO poderá ser modificado en función das disposicións que se diten para a Reválida**.

8. O profesor ou a profesora deberá mostrar ao alumnado os exames e traballos debidamente corrixidos.

9. Malia o carácter continuo da materia, no caso de non ter superada a mesma no trimestre correspondente poderanse realizar exames de **recuperación** das partes suspensas ou aplicar o criterio de avaliación continua. En todo caso, no B1, B2 e B3 o criterio preferente a aplicar será o da avaliación continua. Por outro lado, os criterios de cualificación a aplicar serán os mesmos que os xa sinalados para cada nivel da ESO.

10. Para facilitar a recuperación, entregaráselle ao alumnado que o precise e así o solicite material de reforzo sobre aquela(s) parte(s) que tiver suspensa(s).

11. **Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor na ESO:**

No caso dos dous cursos desdobrados (1º e 2º) ou dos grupos de reforzo de linguas, se os houber, o alumnado repetidor recibirá especial atención con actividades de reforzo, mais en 3º e 4º, dada a masificación das aulas, non contemplamos programas específicos para o alumnado repetidor, debendo de adaptarse á marcha normal do curso.

**7.7b. Convocatoria extraordinaria de setembro. Criterios de cualificación:**

Os exames da convocatoria extraordinaria de setembro serán consensuados no Departamento tendo en conta as modificacións de contido realizadas durante o curso e das que daremos conta na Memoria anual do curso, neste caso aquelas unidades que non puideran ser desenvolvidas polas circunstancias que foren non entrarán en dita convocatoria extraordinaria.

Elaboraranse exames para todos os niveis da ESO que recollan os diferentes bloques de contido nos que se divide a materia, tal e como figuran na programación, agás o B1 de Comunicación oral; ditos exames terán unha valoración de 10 puntos, non realizándose exames parciais da materia ao ser esta unha convocatoria extraordinaria e poder figurar no expediente do alumnado o concepto de NP (Non Presentado).

A seguir o **baremo acordado polo Departamento en reunión celebrada en setembro de 2016 para a convocatoria extraordinaria de setembro na ESO para o curso 2016-2017**:

| **Bloques de contido cos seus estándares** | **Porcentaxe da nota** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **1º ESO** | **2º ESO** | **3º ESO** | **4º ESO** |
| B2. Comunicación escrita (comprensión e expresión escrita). | 30% | 30% | 20% | 20% |
| B3. Funcionamento da lingua | 40% | 40% | 30% | 30% |
| B4 Lingua e sociedade | 10% | 10% | 20% | 20% |
| B5 Educación literaria | 20% | 20% | 30% | 30% |

**7.7c. Promoción do alumnado da ESO**

A decisión sobre a promoción do alumnado na materia farase atendendo ao logro dos estándares de aprendizaxe básicos sinalados para cada curso e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. Cando un alumno ou unha alumna obteña, tras a ponderación de todos os procedementos de avaliación realizados, unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado e poderá promocionar, mais e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso e podería non promocionar.

A todos os efectos o Departamento axustarase ao disposto na LOMCE, canto aos criterios de promoción. A saber:

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e **repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias**

**que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.**

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

**No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura**, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

3. Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaránselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluirá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado,

do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

### 7.8. Criterios de cualificación e avaliación do alumnado de Bacharelato.

Para o bacharelato rexen as mesmas consideracións canto aos criterios de avaliación expresados no **apartado 7.7.** Lembrar que ditos criterios de cualificación avalían as competencias adquiridas polo alumnado nos diferentes bloques de contidos nos que se divide a materia de Lingua Galega e Literatura no bacharelato e baseados nos estándares de aprendizaxe, complementados á súa vez polas competencias clave establecidas na LOMCE.

#### 7.8.1. Criterios de cualificación para 1º de Bacharelato:

| Estándares de aprendizaxe | Procedementos e instrumentos de avaliación | Porcentaxe na nota das avaliacións |
|---|---|---|
| **B1. Comunicación oral. Escoitar e falar:**<br>LGB1.1.1, 1.1.2, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 1.2.4, 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3, 1.4.1, 1.4.2, 1.4.3, 1.5.1, 1.5.2, 1.5.3, 1.5.4. 1.5.5, 1.5.6. (Escoitar).<br>LGB1.6.1,1.6.2,1.6.3,1.6.4,1.7.1,1.7.2, 1.7.3,1.7.4,1.8.1,1.8.2,1.9.1,1.10.1, 1.10.2,1.11.1,1.11.2,1.11.3. (Falar).<br>**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir:**<br>LGB2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5, 2.3.1, 2.3.2, 2.3.3, 2.3.4, 2.3.5, 2.3.6, 2.4.1, 2.4.2, 2.4.3, 2.5.1, 2.6.1, 2.7.1, 2.7.2. (Ler).<br>LGB2.8.1, 2.9.1, 2.10.1, 2.10.2, 2.10.3. (Escribir). | Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rúbrica de expresión oral.<br>Observación e rexistro cualitativo.<br>Producións textuais individuais e rúbrica.<br>Exame (un por avaliación, arredor da produción textual). | 10% |
| **B3. Funcionamento da lingua:**<br>LGB3.1.1, 3.1.2, 3.2.1, 3.3.1, 3.4.1, 3.5.1, 3.6.1, 3.7.1, 3.8.1, 3.9.1, 3.10.1, 3.11.1. | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo das notas). | 30% |

| | | |
|---|---|---|
| **B4. Lingua e sociedade:**<br>LGB4.1.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.3, 4.3.1, 4.3.2, 4.4.1, 4.4.2, 4.5.1, 4.5.2, 4.5.3, 4.6.1, 4.6.2, 4.6.3, 4.6.4, 4.7.1, 4.7.2, 4.7.3, 4.7.4, 4.7.5. | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo | 20% |
| **B5. Educación literaria:**<br>LGB5.1.1, 5.1.2, 5.1.3, 5.2.1, 5.2.2, 5.3.1, 5.4.1, 5.5.1, 5.6.1, 5.7.1, 5.8.1. | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo da nota).<br>Traballos individuais ou en grupo e rexistro cuantitativo, que puntuarán á parte. | 30% |
| **Libros de lectura obrigatoria:**<br>Complementario do B”. | Probas escritas ou entrevistas orais e rexistro cuantitativo. | 10% |
| Ademais o profesor ou a profesora propoñerá ao alumnado a **lectura de libros optativos, podendo escoller ata dous por avaliación, co ou cos que poderá acadar un punto como máximo a maiores da nota.** | | |

### 7.8.2. Criterios de cualificación para 2º de Bacharelato:

| Estándares de aprendizaxe | Procedementos e instrumentos de avaliación | Porcentaxe na nota das avaliacións |
|---|---|---|
| **B1. Comunicación oral. Escoitar e falar:**<br>LGB1.1.1, 1.1.2, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3, 1.3.4, 1.4.1, 1.4.2, 1.4.3, 1.5.1, 1.5.2, 1.5.3, 1.5.4. 1.5.5, 1.5.6, 1.5.7, 1.5.8. (Escoitar).<br>LGB1.6.1,1.6.2,1.6.3,1.6.4, 1.7.1,1.7.2,1.8.1,1.8.2,1.9.1,1.10.1, 1.10.2,1.11.1,1.11.2,1.11.3.(Falar).<br>**B2. Comunicación escrita. Ler e escribir:**<br>LGB2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.3.1, 2.3.2, 2.3.3, 2.3.4, 2.3.5, 2.3.6, 2.4.1, 2.4.2, 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3, 2.6.1, 2.6.2. (Ler).<br>LGB2.8.1, 2.9.1, 2.10.1, 2.10.2, 2.10.3. (Escribir). | Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.<br>Observación e rúbrica de expresión oral.<br>Observación e rexistro cualitativo.<br>Producións textuais individuais e rúbrica.<br>Exame (un por avaliación, arredor da gramática textual). | 30% |
| **B3. Funcionamento da lingua:**<br>LGB3.1.1, 3.1.2, 3.2.1, 3.3.1, 3.3.2, 3.3.3, 3.4.1, 3.5.1, 3.6.1, 3.7.1, 3.8.1, | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo das notas). | 20% |

| | | |
|---|---|---|
| 3.9.1, 3.10.1, 3.11.1. | | |
| **B4. Lingua e sociedade:** LGB4.1.1, 4.1.2, 4.2.1, 4.2.2, 4.3.1, 4.3.2, 4.3.3, 4.3.4, 4.3.5, 4.4.1, 4.4.2, 4.4.3, 4.4.4, 4.4.5, 4.5.1, 4.6.1. | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo da nota). Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo | 20% |
| **B5. Educación literaria:** LGB5.1.1, 5.1.2, 5.1.3, 5.2.1, 5.2.2, 5.2.3, 5.3.1, 5.3.2, 5.3.3, 5.4.1, 5.4.2, 5.4.3, 5.5.1, 5.5.2, 5.5.3, 5.6.1, 5.6.2, 5.6.3, 5.7.1. | Exame (un por avaliación e rexistro cuantitativo da nota). Traballos individuais ou en grupo e rexistro cuantitativo, que puntuarán á parte. | 30% (inclúe o libro de lectura obrigatoria, un 10%) |
| **Libros de lectura obrigatoria:** Complementario do B5. | Probas escritas ou traballos e rexistro cuantitativo. | 10% (esta porcentaxe vai incluída no 30% do B5) |
| Ademais o profesor ou a profesora poderá propoñer ao alumnado a **lectura de libros optativos, podendo escoller ata dous por avaliación, co ou cos que poderá acadar un punto como máximo a maiores da nota. Así mesmo, o libro de lectura obrigatorio poderá ser opcional en función das concrecións que se diten para a Reválida.** | | |

### 7.7a. Notas aclaratorias sobre os criterios de cualificación no Bacharelato:

1. Segundo acordo do Departamento de Lingua galega en reunión celebrada en setembro de 2016, **poderase restar** dos diferentes exames ou traballos presentados polos seguintes aspectos de gramática textual e ortografía: presentación incorrecta, imprecisións terminolóxicas, incoherencias no texto, erros de cohesión (nexos non apropiados e mala puntuación do texto) e incorreccións ortográficas. A porcentaxe a aplicar non deberá ser superior ao 50% do valor de cada unha das propostas dos exames ou traballos.

2. A cualificación mínima a obter para demostrar que os libros de lectura obrigatoria (un ou dous por trimestre) foron lidos non debe ser inferior a 0,40 puntos sobre un (1).

3. Aos exames (ou no seu defecto traballos que os substitúan) de contidos dos diferentes bloques outorgaráselles en total un máximo de 10 puntos, aplicándolles a ditos exames a porcentaxe de nota correspondente. Poderanse realizar de un a catro exames por trimestre en función do reparto que se faga dos bloques de contido (B1, B2, B3, B4 e B5).

A distribución dos exames será a seguinte:

**B1 e B2 (Bloques de Comunicación oral e escrita) e B3 (Bloque de Funcionamento da lingua)** poderán formar parte dun único exame (independentemente de se son un ou dous os realizados por avaliación).

**B4 (Bloque de Lingua e sociedade)**. Un ou dos exames por avaliación.

**B5 (Bloque de Educación literaria)**. Un ou dous exames por avaliación.

**Libro de lectura obrigatoria ou traballo**. Un por trimestre.

Os bloques 2, 4 e 5 ou 4 e 5 poderán formar parte dun único exame. Igualmente poderá realizarse un único exame que englobe todos os bloques de contido.

4. As rúbricas cualificadoras anteriores poderán ser modificadas e adaptadas ás necesidades pedagóxicas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos, contidos e das competencias e conforme os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe; polo que o reparto da puntuación poderá variar en función do desenvolvemento trimestral dos diferentes bloques de contido.

5. Á entrega de traballos propostos, comentarios literarios e/ou elaboración de textos de diversa índole, **poderáselles outorgar no seu conxunto un máximo de 0,75 puntos** que serán engadidos á nota final de cada avaliación trimestral, repartida dita puntuación da seguinte maneira: entre 5 e 6 inclusive de nota de traballos, 0,25 puntos; entre 7 e 8 inclusive, 0,50 puntos; entre 9 e 10, 0,75 puntos; sempre e cando a media final de exames do trimestre non seca inferior a catro (4).

6. Na puntuación anterior non se inclúen os libros de lectura opcionais (caso de habelos, dous como máximo) que, como xa indicamos, poderán ser cualificados cun máximo dun punto, é dicir 0,50 por cada libro.

7. **A fórmula a aplicar en 1º de Bacharelato será a seguinte:**

**B1, B2 e B3 + B4 + B5 = X**

**X + Nota lecturas(s) obrigatoria(s) = Nota exames**

**Nota exames + Nota traballos e/ou libros opcionais = Nota avaliación trimestral.**

Esta porcentaxe poderá ser modificada en función da extensión dos diferentes bloques de contido estudados no trimestre ou no caso de que algún dos bloques ou parte dos mesmos non puidera ser impartido.

8. **A seguir a porcentaxe que cada bloque representará sobre a nota total en 2º de Bacharelato:**

**B1 e B2 (Comunicación ora e escrita): 30 %.**

**B3 (Funcionamento da lingua): 20%.**

**B4 (Lingua e sociedade –Historia da lingua e Sociolingüística-): 20%.**

**B5 (Educación literaria –Literatura- + libro de lectura obrigatorio, se o houber): 30 %.**

**Á nota final de exames sumaráselle a dos traballos e/ou libros opcionais, de habelos.**

**O anterior baremo de 2º de Bacharelato poderá ser modificado en función das disposicións que se diten para a Reválida.**

8. O profesor ou a profesora deberá mostrar ao alumnado os exames e traballos debidamente corrixidos.

9. Malia o carácter continuo da materia, no caso de non ter superada a mesma no trimestre correspondente poderanse realizar exames de **recuperación** das partes suspensas ou aplicar o criterio de avaliación continua. En todo caso, no B1, B2 e B3 o criterio preferente a aplicar será o da avaliación continua. Por outro lado, os criterios de cualificación a aplicar serán os mesmos que os xa sinalados para cada un dos dous niveis do bacharelato.

10. Para facilitar a recuperación, entregaráselle ao alumnado que o precise material de reforzo sobre aquela(s) parte(s) que tiver suspensa(s), alén disto o xefe de departamento estará en contacto con dito alumnado para resolver as posibles dúbidas.

11. Para os efectos de cálculo da cualificación final terase en conta a cualificación máis alta das dúas, é dicir a da media das avaliacións ou a da recuperación correspondente.

**7.7b. Convocatoria extraordinaria de setembro. Criterios de cualificación:**

Os exames da convocatoria extraordinaria de setembro serán consensuados no Departamento tendo en conta as modificacións de contido realizadas durante o curso e das que daremos conta na Memoria anual do curso, neste caso aquelas unidades que non puideran ser desenvolvidas polas circunstancias que foren non entrarán en dita convocatoria extraordinaria.

Elaboraranse exames para todos os dous cursos nos que se divide o bacharelato que recollan os diferentes bloques de contido nos que se divide a materia, tal e como figuran na programación, agás o B1 de Comunicación oral; ditos exames terán unha valoración de 10 puntos, non realizándose exames parciais da materia ao ser esta unha convocatoria extraordinaria e poder figurar no expediente do alumnado o concepto de NP (Non Presentado).

A seguir o **baremo acordado polo Departamento en reunión celebrada en setembro de 2016 para a convocatoria extraordinaria de setembro (curso 2016-2017)**, o mesmo poderá ser modificado en función das disposicións que se diten para a Reválida:

| **Bloques de contido cos seus estándares** | **Porcentaxe da nota** | |
|---|---|---|
| | **1º Bac.** | **2º Bac.** |
| B2. Comunicación escrita (comprensión e expresión escrita). | 20% | 30% |
| B3. Funcionamento da lingua | 30% | 20% |
| B4 Lingua e sociedade | 20% | 20% |
| B5 Educación literaria | 30% | 30% |

### 7.7c. Promoción do alumnado de Bacharelato

Ao igual que na ESO, a decisión sobre a promoción do alumnado na materia farase atendendo ao logro dos estándares de aprendizaxe básicos sinalados para cada curso e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. Cando un alumno ou unha alumna obteña, tras a ponderación de todos os procedementos de avaliación realizados, unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado e poderá promocionar de curso, mais e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso e podería non promocionar de curso.

O artigo 35 da LOMCE recolle os criterios de promoción de 1º para 2º de Bacharelato:

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

**Continuidade das materias de Lingua galega e Literatura I e II.**

O artigo 36 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, sinala que a superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade, caso da Lingua Galega e Literatura I e Lingua Galega e Literatura II.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

## 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

O Departamento reunirase de forma periódica, como mínimo unha vez ao mes, nestas reunións, se proceder, procederase a valorar o cumprimento ou non da Programación didáctica e, caso de ser necesario, proporanse modificacións ou non á mesma, analizando as causas.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente así como a propia programación empregaremos os seguintes **indicadores de logro**:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Temporalización.
- Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.
- Estándares de aprendizaxe.
- Competencias clave.
- Grao mínimo de consecución dos estándares.
- Metodoloxía didáctica. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Atención á diversidade.

Tamén se entregará ao equipo directivo un informe despois de cada avaliación no que se analice e valore o cumprimento ou non do proceso de ensino e da correcta práctica docente e o da programación didáctica.

### 8.1. Concreción dos indicadores de logro.

| **Indicadores de logro** | | **Niveis de logro** | | |
|---|---|---|---|---|
| | | **Alto (3)** | **Medio (2)** | **Baixo (1)** |
| **Obxectivos** | Están correctamente fixados e asociados aos contidos de cara á motivar o alumnado comunicándolle os obxectivos a lograr a partir dos seus coñecementos previos: finalidade e utilidade e expectativas. | | | |
| | Definimos correctamente os obxectivos básicos dun traballo para poder avalialo con precisión. | | | |
| **Contidos** | Inclúense todos os recollidos nos cinco bloques de contido. | | | |
| | Están secuenciados adecuadamente | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Temporalización** | Determinouse con precisión, sobre todo a programación de aula | | | |
| | Respectouse a distribución temporal dos contidos | | | |
| | Respectáronse as actividades programadas | | | |
| | Respectáronse os exames programados | | | |
| **Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación** | Os criterios de avaliación son claros e móstranselles previamente a calquera actividade. | | | |
| | Empréganse diversos instrumentos de avaliación (exames, traballos individuais e en grupo, exposicións orais...). | | | |
| | Concretáronse os instrumentos de avaliación en todos os casos | | | |
| | Os criterios de cualificación están ben definidos | | | |
| | Estableceronse os mínimos esixibles | | | |
| **Estándares de aprendizaxe** | Presentan claridade e concreción | | | |
| | Están correctamente interrelacionados cos criterios de avaliación e cualificación | | | |
| | Adáptanse perfectamente á xeneralidade do alumnado | | | |
| **Competencias clave** | Están perfectamente recollidas e interrelacionadas cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e traballámolas transversalmente. | | | |
| **Garo mínimo de consecución dos estándares** | Están perfectamente concretados e ben clarificados | | | |
| **Metodoloxía didáctica. Procedementos e instrumentos de avaliación.** | É a adecuada tanto para ESO como bacharelato. Deseñamos actividades de aprendizaxe carácter plural para o logro de cada un dos obxectivos. | | | |
| | Hai variedade de actividades integradoras no currículo. | | | |
| | Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación e empregámolos de forma idónea para facilitar a aprendizaxe da materia: libro de texot, material | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | impreso diverso (apuntamentos...), material audiovisual, uso das TIC… | | | |
| | As actividades propostas favorecen a aprendizaxe autónoma (busca de información, traballos, investigacións…). | | | |
| | Habitualmente corriximos e os traballos do alumnado propondo pautas para a mellora da súa aprendizaxe. | | | |
| | As estratexias metodolóxicas son as axeitadas e analizamos os resultados positivos e negativos. | | | |
| | Propóñense actividades de reforzo para o alumnado que non acadou os obxectivos e tamén para aquel que acadando os obxectivos precisa de pautas de maior nivel. | | | |
| **Atención á diversidade** | A programación das medidas de atención á diversidade foron as correctas | | | |
| | Hai presenza de estratexias diversificadas que dean resposta a distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta as medidas de atención á diversidade (Desdobres, RL, ACS...) | | | |
| | Recóllese a coordinación con outros profesionais (departamento de orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe. | | | |

<table>
<tr><th colspan="7">Reflexión sobre os indicadores de logro</th></tr>
<tr><td colspan="3">Reflexión individual</td><td colspan="4">Reflexión interpersoal</td></tr>
<tr><td colspan="3"></td><td colspan="3">No propio Departamento.</td><td>Co/a compañeiro/a de Lingua castelá e Inglés do mesmo curso</td></tr>
<tr><td colspan="7">Aspectos a considerar</td></tr>
<tr><td colspan="2">Imprevistos</td><td colspan="3">Debilidades</td><td colspan="2">Fortalezas</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td colspan="3"></td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td colspan="7">Conclusións</td></tr>
<tr><td></td><td colspan="3">Aspectos positivos a reforzar</td><td colspan="3">Aspectos a mellorar</td></tr>
<tr><td>Atención á diversidade</td><td colspan="3"></td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td>Seguimento da programación</td><td colspan="3"></td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td>Actividades metodolóxicas de aula</td><td colspan="3"></td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td>Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación</td><td colspan="3"></td><td colspan="3"></td></tr>
</table>

# 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes.

A atención ao alumnado coa materia de Lingua galega e Literatura pendente de cursos anteriores será coordinada polo xefe de departamento, mais a tarefa de seguimento debe ser colectiva e implicar á totalidade do departamento.

No caso de materias pendentes, ademais dos exames parciais, o alumnado poderá presentarse á convocatoria extraordinaria do mes de maio e/ou de setembro cuxas datas serán fixadas pola dirección do centro, a través da xefatura de estudos.

Na **ESO** o proceso desenvolverase como segue: O profesor ou a profesora que lle dea clase ao alumno/a coa materia pendente entregaralle, se así o demanda, cada trimestre material coas actividades que debe realizar para preparar o exame de recuperación, neste caso o/a alumno/a terá un caderno no que realizará estas tarefas e que lle entregará ao xefe de departamento para a súa corrección.

No **Bacharelato** entregarase material específico, se así o solicita o alumno/a, e o xefe de departamento estará en contacto con dito alumnado para resolver as posibles dúbidas.

Ademais, o/a profesor/a que imparta a materia no curso no que estea o alumno pendente levará a cabo as funcións de observar as actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo do alumno/a en relación con dito curso; e de aclararlle todo tipo de dúbidas.

## 9.1. Pendentes de ESO

### 9.1.1. Estratexias, procedementos e instrumentos e criterios de avaliación

1. Dividiranse os contidos da materia en dúas partes e distribuiranse en dous exames, dando lugar a dous parciais. Adaptaranse as datas das probas na ESO ao calendario oficial elaborado polo equipo directivo a través da xefatura de estudos.
2. O **exame final** terá lugar na primeira semana de maio de 2017. Nesta proba entrará todo o temario do curso ou só as partes que o alumnado teña pendentes dos exames anteriores.
3. Facilitarase material de apoio, caso de ser solicitado, a través da colaboración do profesorado de cada nivel.
4. Tamén se poderá ter en conta, como xa se apuntou antes, para valorar o progreso na recuperación da materia, o aproveitamento e situación persoal do alumnado no curso no que se atope.
5. O alumnado de **PMAR** (Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento) coa materia pendente, sempre e cando se presente aos exames e/ou faga os traballos requiridos e aprobe o ámbito lingüístico específico do Programa, superará a materia de Lingua galega e Literatura pendente, malia que suspenda os exames de recuperación da mesma..

6. O Departamento, consonte o disposto pola xefatura de estudos, acorda facer dous exames de recuperación nos dous primeiros trimestres. De non se superar estes, poderán presentarse á convocatoria de maio, a data desta será fixada pola xefatura de estudos.

7. O alumnado deberá entregar obrigatoriamente os traballos de comprensión e expresión escrita que lle sexan demandados para superar o B2 de comprensión escrita. A data tope da entrega será o mesmo día do exame.

8. Os obxectivos, así como os contidos mínimos exixíbeis son os fixados na programación anual de curso. Con respecto aos criterios de avaliación son os anunciados na programación anual de curso en relación cos estándares de aprendizaxe.

9. Os contidos a avaliar serán os recollidos na LOMCE, agás para o alumnado coa materia de 2º de ESO pendente, que se rexerán pola LOE.

10. Ao principio do curso o xefe de departamento reunirase co alumnado pendente para informalo do proceso e facilitarlle a documentación necesaria.

11. O departamento, cando menos unha vez por trimestre, reunirase para avaliar o proceso de recuperación do alumnado coa materia pendente, a fin de tomar, se proceder, as medidas correctoras e de reforzo que se consideren precisas.

12. Os **criterios de cualificación do alumnado coa materia pendente en 1º e 2º de ESO** serán os seguintes:

a) Pola presentación de traballos de comprensión e expresión escrita o **25 % da nota.**

b) Polo exame de pendentes na data que estableza a xefatura de estudos: **75% da nota.**

A maiores, o alumnado coa materia pendente poderá ser recompensado con un punto se o informe do/a profesor/a que lle imparte clase no curso normal é positivo, ao observar que o alumno ou a alumna coa materia pendente realiza as actividades diarias do curso no que está, ten boa actitude e acada os mínimos exixibles.

Caso de que o alumna ou a alumna aprobe a materia de Lingua galega e Literatura do curso superior no que está matriculado e por contra teña pendente a materia do curso inferior, aprobará esta igualmente, sempre e cando se teña presentado aos exames da materia pendente e entregado os traballos solicitados.

13. Os **criterios de cualificación do alumnado coa materia pendente en 3º de ESO** serán os seguintes:

a) Pola presentación de traballos de comprensión e expresión escrita e/ou comentarios literarios de textos da literatura medieval ou moderna (do XIX) o **40 % da nota.**

b) Polo exame de pendentes na data que estableza a xefatura de estudos: **60% da nota.**

A maiores, o alumnado coa materia pendente poderá ser recompensado con un punto se o informe do/a profesor/a que lle imparte clase no curso normal é positivo, ao observar que o alumno ou a alumna coa materia pendente realiza as actividades diarias do curso no que está, ten boa actitude e acada os mínimos exixibles.

Caso de que o alumna ou a alumna aprobe a materia de Lingua galega e Literatura do curso superior no que está matriculado e por contra teña pendente a materia do curso inferior, aprobará esta igualmente, sempre e cando se teña presentado aos exames da materia pendente e entregado os traballos solicitados.

**9.1.2. Temporalización e contidos**

A seguir as datas de realización dos exames e a distribución de contidos:

**Primeiro de ESO:**

O primeiro exame terá lugar en novembro de 2016. Nesta proba entrarán as unidades didácticas do libro de texto 1, 2, 3, 4, 5 e 6.

O segundo exame terá lugar na primeira quincena de febreiro de 2017. Nesta proba entrarán as unidades didácticas 7, 8, 9, 10, 11 e 12 do libro de texto.

O exame final terá lugar na primeira semana de maio de 2017. Nesta proba entrarán todas as unidades didácticas do libro de texto ou só as partes que o alumnado teña pendentes dos dous exames anteriores.

**Segundo de ESO:**

O primeiro exame será en novembro de 2016. Nesta proba entrarán as unidades didácticas do libro de texto do curso 2015-2016 (volume 1): 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do libro de texto.

O segundo exame terá lugar na primeira quincena de febreiro de 2017. Nesta proba entrarán as unidades didácticas 7, 8, 9, 10, 11 e 12 do libro de texto (volume 2).

O exame final terá lugar na primeira semana maio de 2017. Nesta proba entrarán todas as unidades didácticas do libro de texto (volumes 1 e 2) ou só as partes que o alumnado teña pendentes dos dous exames anteriores.

**Terceiro de ESO:**

O **primeiro exame** terá lugar en novembro de 2016. Nesta proba entrarán os seguintes temas do programa de 2º de ESO:

**B3 Funcionamento da lingua (Lingüística):**

1. Fonética, fonoloxía e ortografía.

Conceptos básicos. O alfabeto. O sistema vocálico. O sistema consonántico. A acentuación. Ditongo, tritongo e hiato. Regras ortográficas: Grupos consonánticos, a diérese e o apóstrofo, maiúsculas e minúsculas.

2. O substantivo: morfoloxía e funcións. Frase substantiva e frase nominal.

3. O adxectivo: morfoloxía e funcións. Frase adxectiva.

4. Os determinantes I: o artigo.

5. Os determinantes II (e outros pronomes): demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais, relativos, interrogativos e exclamativos. Morfoloxía e funcións.

6. Os pronomes persoais: morfoloxía e funcións.

12. O dicionario. As definicións.

13. A estrutura da palabra.

15. O nome das cousas (vocabulario das unidades 1 a 5 do LT).

**B4 Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística):**

1. A formación da lingua galega.

O latín e a formación das linguas peninsulares. O fondo léxico patrimonial galego. Os semicultismos e os cultismos. Outras fontes lexicais do galego.

2. A lingua na Idade Media (o galego antigo): o esplendor

Normalidade lingüística. O galego como lingua escrita. Unidade galego-portuguesa. Literatura.

3. A lingua na Idade Moderna (o galego medio) -Os Séculos Escuros-: a decadencia.

O proceso de substitución. Estadio vertical: castelanización do poder. A ideoloxía unitarista. Creba da unidade galego-portuguesa. A Ilustración.

9. Linguas en contacto: Alternancia e mestura de códigos. Os castelanismos.

10. A familia lingüística do galego. Relación coa lusofonía.

**B5 Educación literaria (Literatura):**

1. A literatura medieval: Contexto histórico. A lírica medieval. Os cancioneiros. Autores e intérpretes. Os xéneros literarios.

2. A cantiga de amigo. Comentario.

3. A cantiga de amor. Comentario.

4. Outros textos líricos da literatura medieval: As cantigas de escarnio e maldicir. Os xéneros menores. A lírica relixiosa: as Cantigas de Santa María. Comentario.

5. A prosa medieval.

6. Os séculos escuros literarios. A Ilustración.

**Segundo exame**

**B3 Funcionamento da lingua (Lingüística):**

7. O verbo: morfoloxía e funcións. Formas nominais do verbo.

8. As perífrases verbais.

9. O adverbio.

10. A preposición.

11. As conxuncións e as interxeccións.

14. As relacións semánticas: a sinonimia. Polisemia e homonimia. Campos semánticos: hiperonimia, hiponimia e cohiponimia. Os antónimos.

15. O nome das cousas (vocabulario das unidades 6 a 9 do LT).

**B4 Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística):**

4. A lingua no século XIX ata 1916 (o galego moderno): a dignificación.

A expansión horizontal do castelán. O camiño da normalización.

5. O plurilingüismo. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.

6. Linguas en contacto. O conflito lingüístico.

O contacto lingüístico: bilingüismo e diglosia (proceso de substitución lingüística). Os prexuízos lingüísticos.

7. Normalización lingüística e normativización. Lexislación e distribución social do galego.

8. A variación lingüística. Principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega (variacións social e situacional) e da función da lingua estándar.

**B5 Educación literaria (Literatura):**

7. A literatura galega no século XIX:

7.1. Contexto histórico.

7.2. Manifestacións literarias do 1º terzo do século XIX.

7.3. A literatura no 2º terzo do XIX, o Prerrexurdimento: os precursores.

8. O Rexurdimento.

8.1. Rosalía de Castro.

8.2. Manuel Curros Enríquez.

8.3. Eduardo Pondal.

9. A Galicia de finais do XIX e comezos do XX. A poesía anterior ás Irmandades da Fala.

10. A prosa e o teatro anteriores ás Irmandades da Fala (1916).

### 9.2. Pendentes de primeiro de Bacharelato.

#### 9.2.1. Estratexias, procedementos e instrumentos e criterios de avaliación

1. Dividiranse os contidos da materia en dúas partes equivalentes en dificultade para poder realizar dous exames. Estes dous exames, á súa vez, serán subdivididos noutros dous, un do bloque de Funcionamento da lingua e outro dos bloques de Lingua e sociedade e Educación literaria.

2. O departamento proporá ao alumnado coa materia pendente as datas dos exame e á súa vez comunicaralle o acordo á xefatura de estudos.

2. A data do **exame final** oficial estableceraa a xefatura de estudos, o mesmo permitirá recuperar, ben parte, ou ben a totalidade da materia, a quen non teña superado os exames previos.

3. Facilitarase material de apoio, caso de ser solicitado, a través da colaboración do profesorado que imparta no curso ordinario de 2º.

4. Tamén se poderá ter en conta para valorar o progreso na recuperación da materia, o aproveitamento e situación persoal do alumnado no curso de 2º.

5. O alumnado deberá entregar obrigatoriamente os traballos de comprensión e expresión escrita que lle sexan demandados para superar o B2 de comprensión escrita, así como os comentarios literarios que se lle propoñan. A data tope da entrega será o mesmo día do exame.

6. Os obxectivos, así como os contidos mínimos exixíbeis son os fixados na programación anual de curso. Con respecto aos criterios de avaliación son os anunciados na programación anual de curso en relación cos estándares de aprendizaxe.

7. Ao principio do curso o xefe de departamento reunirase co alumnado pendente para informalo do proceso e facilitarlle a documentación necesaria.

8. O departamento, cando menos unha vez por trimestre, reunirase para avaliar o proceso de recuperación do alumnado coa materia pendente, a fin de tomar, se proceder, as medidas correctoras e de reforzo que se consideren precisas.

9. Os **criterios de cualificación do alumnado coa materia pendente de 1º de Bacharelato** serán os seguintes:

a) Pola presentación de traballos de comprensión e expresión escrita e/ou comentarios literarios de textos da literatura medieval ou moderna (do XIX) o **40 % da nota.**

b) Polos exames de pendentes nas datas acordadas: **60% da nota.**

A maiores, o alumnado coa materia pendente poderá ser recompensado con un punto se o informe do/a profesor/a que lle imparte clase no curso normal é positivo, ao observar que o alumno ou a alumna coa materia pendente realiza as actividades diarias do curso no que está, ten boa actitude e acada os mínimos exixibles.

Caso de que o alumna ou a alumna aprobe a materia de Lingua galega e Literatura do curso superior no que está matriculado e por contra teña pendente a materia do curso inferior, aprobará esta igualmente, sempre e cando se teña presentado aos exames da materia pendente e entregado os traballos solicitados.

### 9.2.2. Temporalización e contidos

As datas propostas e aceptadas polo alumnado coa materia pendente son as seguintes:

Primeiro exame de pendentes de Lingua galega e Literatura I:

Parte 1: 8 de novembro ás 16:15.

Parte 2: 15 de novembro ás 16:15.

Segundo exame de pendentes de Lingua galega e Literatura I:

Parte 1: 31 de xaneiro ás 16:15.

Parte 2: 21 de febreiro ás 16.15.

A seguir a distribución de contidos:

**Primeiro exame. Parte 1:**

**B3. Funcionamento da lingua (Lingüística).**

1. A comunicación e a linguaxe.

Principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.

2. A acentuación. Regras xerais. O acento diacrítico. Casos dubidosos.

3. O nome substantivo e adxectivo: Caracterización. Clasificación semántica. Xénero e número. A gradación do adxectivo e as conxuncións comparativas.

4. O artigo. Formas e uso dos artigos determinados e indeterminados.

4. O pronome persoal.

Coñecemento, tipoloxía e caracterización. Formas. Funcións e usos das series tónica e átona. Os reflexivos. Outros usos de SE. A colocación do pronome átono. Secuencias de pronomes átonos. A interpolación.

5. Outros pronomes e/ou determinantes.

Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos demostrativos, dos posesivos, dos indefinidos (identificadores e cuantificadores), dos numerais, dos relativos, dos interrogativos e dos exclamativos.

**Primeiro exame. Parte 2:**

**B4. Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística).**

1. Funcións sociais da lingua. Conflito lingüístico e diglosia.

2. A formación da lingua galega: substrato e superestrato.

2.1. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato.

2.2. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares. Outras fontes léxicas do galego.

3. A lingua na Idade Media (o galego antigo). Historia externa da lingua: emerxencia e declive, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística. Historia interna: Características lingüísticas do galego medieval.

4. A lingua na Idade Moderna (o galego medio). Historia externa da lingua: dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural e situación sociolingüística. Historia interna: Características lingüísticas.

6. Variación interna da lingua. Variedades sociais e situacionais.

A variación social e situacional: os rexistros lingüísticos. O concepto de rexistro lingüístico. A variación social e contextual: os niveis e rexistros: variedades diastráticas, diafásicas e específicas ou sectoriais. A problemática específica da lingua galega.

9. Funcións sociais da lingua. Conflito lingüístico e diglosia.

**B5. Educación literaria (Literatura).**

1. O feito literario. A literatura e o texto literario, caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

2. A literatura galega de tradición oral e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.

3. A literatura medieval.

2.1. Contexto histórico. A lírica medieval: Teses sobre as orixes da lírica medieval. A cultura trobadoresca. A teoría do amor cortés. O ámbito xeográfico. Cronoloxía da lírica galego-portuguesa medieval. Os poetas. Os textos conservados. A lingua dos cancioneiros.

3. A cantiga de amor e a cantiga de amigo (lírica profana):

3.1. Cantiga de amor: Relación coa cançó provenzal. A forma. Procedementos formais e métricos. Temas e motivos. Comentario.

3.2. Cantiga de amigo: As orixes. Tipoloxía. Recursos formais e métricos. Temas e motivos: simboloxía. Variedades da cantiga de amigo. Autores. Comentario.

4. As cantigas de escarnio e maldicir (lírica profana).

Caracterización. Trazos xerais. Temas. Comentario.

5. Xéneros menores (lírica profana): a pastorela, a tenzón, o pranto, lais, descordo, cantiga de malmaridada, cantigas de seguir e vilao, cantigas de tear. Comentario.

6. A lírica relixiosa: as Cantigas de Santa María. Códices, fontes e autoría. Tipoloxía e temática. Comentario.

7. A prosa medieval: Condicionamentos históricos. Ámbito xeográfico e cronolóxico. A narrativa de ficción. Ciclos temáticos: bretón, clásico, carolinxio. A prosa historiográfica. Outros textos en prosa.

8. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII, os séculos escuros literarios): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa. A decadencia da escola trobadoresca. Causa da decadencia literaria. A poesía popular e tradicional. A poesía culta. A poesía relixiosa: as panxoliñas de galego e en galego. O teatro. A Ilustración en Galicia. Comentario.

**Segundo exame. Parte 1:**

**B3. Funcionamento da lingua (Lingüística).**

6. O verbo. Formas.

A raíz. A vogal temática. Os sufixos modo-temporal e de número e persoa. Os verbos irregulares.

7. O verbo: as categorías verbais.

Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal. O modo, tempo e aspecto. Valores temporais e modais das formas verbais.

8. O infinitivo persoal e o participio.

Uso do infinitivo persoal. O participio.

9. As perífrases verbais.

Recoñecemento, descrición e uso das perífrases verbais Perífrases temporais, aspectuais, modais e de pasiva. A sobreauxiliación.

10. O adverbio e as locucións adverbiais.

Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.

11. Os conectores.

Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais: A preposición a as locucións prepositivas. A conxunción e as locucións conxuntivas.

**Segundo exame. Parte 2:**

**B4. Lingua e sociedade (Historia da lingua e Sociolingüística).**

5. A lingua no século XIX ata 1916 (o galego moderno). Historia externa da lingua: contexto histórico e cultural e situación sociolingüística. Historia interna: Características lingüísticas.

7. A diversidade lingüística no mundo e en Europa.

8. A diversidade lingüística na Península Ibérica.

Linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

8. A lusofonía.

10. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Ecolingüismo.

**B4. Educación literaria (Literatura).**

9. A literatura no século XIX: contextualización sociohistórica e sociolingüística. A literatura no 1º terzo do século XIX. A literatura no 2º terzo do XIX: os precursores (Prerrexurdimento).

10. O Rexurdimento ata 1916. Rosalía de Castro. A escola rosaliana.

11. Eduardo Pondal. A escola pondaliana.

12. Manuel Curros Enríquez. A escola poética de Curros.

13. A prosa e o teatro do Rexurdimento.

Ditos bloques de contidos deberán recoller os correspondentes estándares de aprendizaxe para avaliar os resultados.

**9.3. Probas extraordinarias de setembro, pendentes de ESO e Bacharelato. Criterios de avaliación.**

De haber alumnos coa materia pendente na convocatoria extraordinaria de setembro, estes realizarán o exame na data fixada pola xefatura de estudos.

Canto aos criterios de cualificación o exame terá un valor de 10 puntos e recollerá os diferentes bloques de contido, agás o B1 de Comunicación oral.

## 10. Organización dos procedementos que lle permiten ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios previos no Bacharelato.

A LOMCE establece que no bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura, que terá un tratamento no centro docente análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

**A materia de Lingua Galega e Literatura terase en conta para o cálculo da nota obtida nas devanditas avaliacións finais na mesma proporción que a materia de Lingua Castelá e Literatura.** Terán exención da realización destas probas os alumnos e as alumnas que estean exentos ou exentas de cursar ou de ser avaliados ou avaliadas da materia Lingua galega e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.

**Canto á continuidade das materias de Lingua galega e Literatura I e II,** o artigo 36 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, sinala que a superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade, caso da Lingua Galega e Literatura I e Lingua Galega e Literatura II.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

**O procedemento para avaliar o nivel académico do alumnado poderá consistir nun exame de nivel dos diferentes bloques de contidos da materia de Lingua galega e Literatura I, agás o bloque 1:**

**Bloque 2, (Comunicación escrita, 20% da nota).**

**Bloque 3 (Funcionamento da lingua, 30 %).**

**Bloque 4 (Lingua e sociedade, 10%).**

**Bloque 5 (Educación literaria, 30%).**

Caso de non superar dita proba, o alumno ou a alumna deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente.

Por outro lado, o decreto 86/2015, do 25 de xuño, no seu capítulo II artigo 28, establece que **poderán acceder aos estudos de Bacharelato** os alumnos e as alumnas que estean en posesión de título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria na opción de ensinanzas académicas.

Así mesmo, de acordo co artigo 65.3 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, o título de técnico deportivo permitirá o acceso a calquera modalidade de Bacharelato.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.

Ao inicio do curso e dado que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado está dirixido cara ao logro dunha serie de obxectivos, deberemos coñecer previamente a situación inicial do alumnado a través dunha avaliación inicial (que non afectará ás cualificacións do alumnado) que debe ter como finalidade medir o nivel de coñecementos, sobre todo nos ámbitos referidos aos bloques das competencias oral e escrita e ao bloque de funcionamento da lingua. Esta avaliación inicial deberá ser complementada co coñecemento das características, necesidades e contorno do alumnado, o que nos permitirá tomar decisións relativas á metodoloxía, planificación e programación das actividades docentes e a adopción das medidas necesarias de atención á diversidade. Para isto, tamén se empregarán, caso da ESO, os informes individualizados do curso anterior para obter unha valiosa información sobre a situación de cada alumno/a.

Daquela, que avaliar inicialmente? A este respecto consideramos prioritario avaliar os recursos e capacidades do alumnado máis que as carencias, claro está que sen esquecer estas. Polo tanto, o coñecemento expectativas e intereses, da potencialidade deber prioritario antes que a constatación do nivel académico. De aí, a importancia do coñecemento do ambiente social e familiar no que se move o alumnado e as súas actitudes fronte á materia e aos temas transversais a desenvolver, a fin de fomentar a motivación por aprender. Porén, tamén é necesario coñecer as súas capacidades en relación cos procedementos e instrumentos (no ámbito da comprensión oral e escrita), así como os conceptos básicos da materia para saber que reforzar.

Daquela, como avaliar os diferentes aspectos que nos permitirán, ao ser un proceso colectivo, un intercambio de información e opinión o que facilitará a aplicación dun ensino baseado nas necesidades e características do alumnado.

En xeral, a avaliación inicial debe asentarse nos seguintes aspectos:

- Observación do grupo e da actitude de cada alumno cara á materia a través da realización de diversas actividades motivadoras na aula.

- Enchemento, se proceder, dunha ficha de autoavaliación.

- Realización dunha proba escrita que debe recoller as aptitudes ou carencias iniciais na materia (comprensión e expresión escrita, coñecementos gramaticais…).

En síntese, a avaliación inicial debe servir para:

1. Ofrecer datos relativos ao entorno socio-familiar do alumnado.
2. Aportar información sobre o contexto escolar no que se move o grupo.

3. Definir os coñecementos previos do alumnado para unha correcta intervención educativa correctora.

4. Concretar estratexias máis eficaces de aprendizaxe.

Á vista dos resultados realizaranse as **medidas de atención á diversidade** necesarias consonte o desenvolvido no **apartado 12 desta programación**, encadradas nos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

## 12. Medidas de atención á diversidade.

O centro conta cun **“Plan de orientación”** que forma parte do PCC e que inclúe medidas coordinadas a nivel do mesmo. A partir deste plan aplícanse medidas específicas segundo os casos.

As características do alumnado, diferentes intereses, motivacións e adquisicións de capacidades, determinan a necesidade dunha diversidade metodolóxica no proceso de aprendizaxe.

Na ESO tanto no seu primeiro como no seu segundo ciclo xa se lle dedica especial atención a aquel alumnado que por distintas causas presenta maiores dificultades de aprendizaxe e se lle respecta o seu ritmo de traballo e se lle aporta material adecuado a fin de reforzar o traballo do alumnado que demostra certas capacidades cara a un maior afondamento na análise de conceptos. Deste xeito, para que todo o alumnado poida conseguir as finalidades da ESO, é dicir adquirir as competencias baseadas nos estándares de aprendizaxe avaliables, debemos ter en conta os seguintes puntos:

- Favorecer as aprendizaxes globalizadas e funcionais.
- Procurarlle ao alumnado ritmos de traballo diferentes.
- Reforzar o traballo daquel alumnado que demostre capacidade cara a un maior afondamento na análise dos conceptos.
- Facilitar axuda a aquel alumnado que presente dificultades na aprendizaxe.
- Orientar o alumnado cara á súa integración laboral e profesional.

A LOMCE, consonte o artigo 20 do artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, recolle a novidade das liñas xerais a aplicar nos **Programas de Ensino e Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PEMAR):**

1. **Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento constitúe unha medida de atención á diversidade** que se pode desenvolver a partir do segundo curso da educación secundaria obrigatoria, segundo o procedemento establecido pola consellería con competencias en materia de educación.

2. Nos devanditos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

3. Estes programas irán dirixidos preferentemente a alumnos e alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo. O equipo docente poderalles propor aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento dos/das alumnos/as que repetisen cando menos un curso en calquera etapa e que, logo de cursado o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, non estean en condicións de promoción ao segundo curso, ou que logo de cursar o segundo curso non estean en condicións de promoción ao terceiro. O programa desenvolverase ao longo dos cursos segundo e terceiro no primeiro suposto, ou só en terceiro curso no segundo suposto.

Os alumnos e as alumnas que, cursando terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, non estean en condicións de promoción ao cuarto curso poderán incorporarse excepcionalmente a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir terceiro curso.

4. Cada programa deberá especificar a metodoloxía, a organización dos contidos e das materias e as actividades prácticas que garantan o logro dos obxectivos da etapa e a adquisición das competencias que permitan ao alumnado a promoción a cuarto curso ao finalizar o programa, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ademais, potenciarase a acción titorial como recurso educativo que poida contribuír dun xeito especial a emendar as dificultades de aprendizaxe e a atender ás necesidades educativas do alumnado.

5. **A avaliación do alumnado que curse un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.**

6. A consellería con competencias en materia de educación establecerá a forma de acceso a estes programas, así como a súa organización e a súa avaliación.

En todo caso, a súa incorporación requirirá a avaliación tanto educativa como psicopedagóxica, a través de informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de Orientación, e realizarase despois de oídos/as os/as propios/as alumnos/as, e os seus pais ou as súas nais ou titores/as legais.

Por outro lado, o artigo 17 do artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia recolle as **medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e á organización flexible das ensinanzas**:

1. Correspóndelle á consellaría con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

Esta regulación realizarase de acordo co previsto no artigo 16.2 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

2. Os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. As medidas de atención á diversidade que adopte cada centro docente formarán parte do seu proxecto educativo, de conformidade co que establece o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sen menoscabo do disposto no artigo 28.5 da devandita lei orgánica, segundo o cal, o alumno ou a alumna poderán repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, prolongarase un ano o límite de idade ao que se refire o apartado 2 do artigo 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Excepcionalmente, un alumno ou unha alumna poderán repetir unha segunda vez en cuarto curso, se non repetiron nos cursos anteriores da etapa.

Outra das novidades da LOMCE é a desaparición dos Programas de Cualificación Inicial (PCPI) e a creación da **Formación Profesional Básica (FPB),** estruturada en dous cursos.

Das disposicións tírase que o profesor ou a profesora debe ter sempre en conta a diversidade do alumnado e, se cómpre, recorrer a mecanismos que aseguren unha atención axustada ás características individuais do alumnado, a través da identificación das necesidades educativas do alumnado, da súa valoración e da posterior aplicación de medidas correctoras: metodoloxía adaptada ás necesidades de aprendizaxe e apoio individualizado (sobre todo nos cursos desdobrados ou no caso de que haxa reforzo),

No caso dos dous cursos desdobrados (1º e 2º de ESO) ou dos grupos de reforzo de linguas, se os houber, o alumnado repetidor recibirá especial atención con actividades de reforzo, mais en 3º e 4º, dada a masificación das aulas, non contemplamos programas específicos para o alumnado repetidor, debendo adaptarse á marcha normal do curso.

**12.1. Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo.**

O artigo 19 do artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia alude a que a escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.

Para este tipo de alumnado, caso de habelo, adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e, se proceder, a recuperación do seu desfasamento, para que as mesmas lle permitan continuar con aproveitamento os estudos.

## 13. Concreción dos elementos transversais.

A práctica docente reproduce decote as vivencias do mundo exterior, este feito ofrécelle ao profesorado a posibilidade de incorporar con naturalidade os temas transversais ao desenvolvemento curricular da materia de xeito coherente.

Estes elementos transversais estarán presentes na nosa materia en todos os cursos, sempre adaptados ao nivel, mediante un uso non discriminatorio da lingua con criterios ligados á linguaxe non sexista.

Desta maneira, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A seguir os elementos transversais a traballar en todos os niveis:

**Educación cívica**, elemento transversal de referencia en torno ao que xiran os demais temas transversais e que serve para analizar criticamente a realidade cotiá e as formas sociais máis xustas e axeitadas para a convivencia coa finalidade de formar hábitos que reforcen os valores de xustiza, solidariedade, cooperación e/ou respecto pola natureza.

**Educación para a igualdade de oportunidades** ten como finalidade fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

**Educación para a paz** promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

**Educación para a prevención da violencia**. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

**Educación para a igualdade de sexos**. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

**Educación emprendedora**. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

**Educación e seguridade viaria**. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

**Educación do consumidor** para pór en práctica os dereitos e obrigas como consumidor responsable, valorando criticamente o impacto da sociedade de consumo sobre o medio.

## 14. Actividades complementares e extraescolares.

As mesmas teñen como finalidade contribuír á formación integral do alumnado.

O problema é que á hora de elaborar esta programación non contamos coa oferta completa de actividades a desenvolver, polo que ao longo do curso faremos as reformas que sexan precisas.

### 14.1. Actividades complementares

Terán carácter de complementares aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

**Primeiro trimestre**

A lectura da obra ***Erros e tánatos*** de Gonzalo Navaza para alumnado de 4º ESO irá acompañada da reedición da *Guía de lectura*, nº 7 dedicada *á* obra mencionada anteriormente e publicada n’ *A Marela Tarabela, nº 16*. Esta actividade será á súa vez complementada coa titulada ***Unha viaxe por Lalín a través do tempo.*** Unidade didáctica esta que será coordinada pola Biblioteca. O título, *Unha viaxe por Lalín a través do tempo*, supón unha montaxe realizada arredor do relato do libro mencionado “O home do saco” de Gonzalo Navaza, recuperando de novo a exposición no vestíbulo do instituto e actualizando o seu contido.

Obxectivos:

1. Achegar o alumnado ao coñecemento do cambio urbanístico de Lalín, a través dunha comparativa fotográfica que lles servirá para observar ditos cambios urbanísticos e para debater sobre o ‘feísmo’ e a especulación urbanística.

2. Coñecer e valorar a microtoponimia local, o que servirá primeiro para concienciar o alumnado da necesidade de respectar o patrimonio material e o inmaterial, como, sobre todo no caso do inmaterial, instrumentos de identificación cultural; e segundo para observar a conservación ou non da microtoponimia local coa finalidade de gardar na memoria colectiva o noso patrimonio inmaterial vinculado a aqueles topónimos máis descritivos coas xentes e co espazo.

3. Igualmente a lectura de *Erros e tánatos* será o pretexto para achegármonos ao coñecemento e valoración da mitoloxía popular representada polo Home do Saco, como patrimonio inmaterial.

Convocatoria do **IV Concurso literario Mª Vitoria Taboada de relato curto, poesía e sketchs teatrais**; actividade a realizar en colaboración coa biblioteca e o ENDLG (Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega); xunto coa **presentación do libro do III Concurso literario Mª Vitoria Taboada de relato curto, poesía e sketchs teatrais.**

Por outro lado, para o primeiro trimestre está prevista a lectura en primeiro de bacharelato dun libro de lectura relacionado coa actividade de fomento da lectura da Biblioteca e en colaboración co Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega e dentro do Proxecto Lector para contribuír a facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan, aínda que desta volta o propoñamos para o ensino postobrigatorio. Dito libro será , *Galván en Saor* de Darío Xohán Cabana e estará acompañada a actividade da Guía de lectura, a nº 5, editada no boletín da biblioteca *A Marela Tarabela*.

**Segundo trimestre**

**Reedición da *Guía de lectura*, nº 10**, publicada n’ *A Marela Tarabela*, nº 19 e dedicada ás obras de Carlos Negro *Makinaria e Penúltimas tendencias* con aportacións argumentativas do alumnado de 3º de ESO.

Obxectivos.

1. Fomentar o gusto pola poesía.
2. Achegar o alumnado á problemática social do mundo da adolescencia.

Edición da **Guía de lectura nº 11, *Atila***, cómic de Inacio e Iván Suárez e que será publicada no Boletín da Biblioteca *A Marela Tarabela,* concretamente o nº 20.

**Terceiro trimestre**

***Encontro con Mercedes Leobalde*** arredor do seu libro *Funambulistas* do que xa publicamos a correspondente Guía de Lectura (a nº 12) no Boletín da Biblioteca *A Marela Tarabela,* concretamente o nº 21.

Obxectivos.

1. Coñecer de xeito directo a autora e valorar a súa forma de ver a creación literaria.
2. Fomentar o gusto pola narrativa actual, concretamente o relato breve.
3. Achegar o alumnado á crítica literaria.

***Fallo do IV Concurso literario Mª Vitoria Taboada de relato curto, poesía e sketch teatral*** que se dará a coñecer no mes de abril coa publicación en liña dos textos premiados, mentres se prepara a edición do libro cos textos premiados en colaboración co alumnado do Bacharelato de Artes.

***Acto de entrega de premios do IV Concurso literario Mª Vitoria Taboada.*** Dito acto servirá de homenaxe á nosa compañeira Vitoria e de conmemoración do Día das Letras Galegas. O mesmo realizarase nunha gala a celebrar na biblioteca coa participación directa do alumnado do instituto.

Obxectivo:

1. Fomentar o espírito creativo entre a mocidade como medio de realización persoal de cara a unha maior implicación co feito literario en galego e coa lectura e promoción da literatura galega, factor moi importante no proceso de normalización da vida cultural como acción individual e de proxección colectiva.
2. Fomentar o feito de falar en público.

**Todo o curso**

***O Wikirmau e o Wiki do Proxecto Lector***

Plataforma de información e colaboración sobre o Itinerario Lector do IES e os libros de lectura obrigatoria ou opcionais, á que o ENDL e o Departamento aportan o labor de depuración, no caso dos artigos en galego, e animación á lectura en galego, caso da Literatura Galega. Cada artigo correspóndese cun título (libro, publicación periódica, peza musical, película, páxina web...) que o instituto prescribe ou recomenda. Aquí, como xa vimos no apartado dos libros de lectura encontramos as recensións e enlaces necesarios para dita actividade, fomentando participación do alumnado. Así, a través da web do Instituto podemos consultar o wikirmau no apartado referido á materia de Lingua Galega e Literatura.

Obxectivo:

1. Estimular a capacidade creativa e participativa no wiki do alumnado, así como a autoestima pola nosa literatura, cine, música...; e polo uso da lingua galega como lingua vehicular e útil na rede. Unha forma lúdica de aprendizaxe tendo en contas as TIC.

Igualmente, coma xa indicamos con anterioridade, reeditaremos todas aquelas guías de lectura que sexan precisas para o correcto funcionamento do curso.

Así mesmo, o Departamento colaborará coas actividades dinamizadoras da Biblioteca na medida en que afecten á área de Lingua galega e Literatura. Por outra banda, colaboraremos en todas aquelas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que afecten directa ou indirectamente á nosa materia.

Igualmente o departamento colaborará con aquelas actividades que o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega desenvolva.

### 14.2. Actividades extraescolares

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

O departamento participará e colaborará en todas aquelas actividades extraescolares que redunden en beneficio da formación integral do alumnado.

# 15. Accións previstas de acordo co Plan Lector ou Proxecto Lector de Centro.

O artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia recolle as pautas a seguir para impulsar as bibliotecas escolares e a lectura.

## 15.1. O Plan lector ou Proxecto lector de centro

Neste eido o Departamento de Lingua galega asume as actuacións á promoción da lectura a través do Plan lector ou Proxecto lector do centro, integrándose nas actuacións de fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Ao mesmo tempo, procuraremos unha adecuada coordinación co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Desta forma o Departamento de Lingua galega e Literatura levará a cabo o seguinte:

- Incorporará os obxectivos do PL ou PLC na programación anual e avaliará a súa incidencia na práctica docente.
- Deseñará actividades apropiadas aos obxectivos e contidos do PL ou PLC.
- Elaborará os seus Itinerarios lectores, incorporaraos ao Wiki e actualizaraos no seu Plan Anual.
- Destinará parte dos seus orzamentos á adquisición de fondos diversos e equipamentos necesarios para o desenvolvemento do PL ou PLC.

Dentro das actividades que promove o Plan lector ou Proxecto lector de centro, este Departamento participará nas seguintes.

- Hora de ler (ver apartado 3.7 do Plan Lector)
- Club de lectura (ver apartado 3.8 do Plan lector)
- Convocatoria de concursos (IV Concurso Literario de poesía, relato curto e sketch teatral Mª Vitoria Taboada) para promover o emprego da lingua escrita. Colaboración coa celebración do Día das Letras galegas ou o Dia do libro etc.

Cando for preciso, participará en actividades multidisciplinares, ben a proposta deste departamento ou doutros.

Canto ao Itinerario lector, a selección de títulos para cada nivel foron escollidos entre os integrantes do departamento con criterios de calidade e adaptados para cada etapa

educativa. No entanto, para este curso, como xa sinalamos con anterioridade nos **apartados 2.2** (sobre a concreción por curso dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais) **e 6** (sobre materiais e recursos didácticos) desta programación, as obras literarias elixidas en principio como obrigatorias fican suxeitas a posíbeis cambios en función das necesidades de distribución de libros ou en base a criterios pedagóxicos, así mesma tamén propomos unha listaxe de lecturas recomendadas de carácter

### 15.2. A biblioteca escolar

O Departamento colaborará directamente coa biblioteca, a fin de apoiar o labor do coordinador da mesma para que teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do Plan lector ou Proxecto lector de centro.

Nesta aspecto, reafirmámonos no valor da biblioteca como centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves ou básicas, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

## 16. Accións previstas de acordo con Plan de Integración das TIC. Educación dixital.

O artigo 39 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece as pautas a seguir no ámbito da Educación dixital:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

En virtude do anteriormente disposto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura promoverá a aplicación da educación dixital a fin de impulsar novos métodos de ensino-aprendizaxe e de construción do coñecemento.

O **proxecto dixital do Departamento** afondará no traballo encetado os cursos anteriores, a saber:

- Fomentar o uso das TIC como recurso educativo e para a elaboración de apuntamentos e/ou materiais de apoio e utilizar portais educativos e foros de debate para a formación permanente e o intercambio de experiencias.
- Cambiar a metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe que nos distancie dos métodos tradicionais e nos achegue a novos métodos nos que o/a profesor/a sexa un guía para a construción de aprendizaxes estandarizadas, significativas e competencias do propio alumnado.
- Deseñar e empregar os nosos propios recursos educativos dixitais.

- Fomentar a utilidade do blog do Departamento de Lingua Galega (http://degalegoiesallerulloa.blogspot.com.es/).

Por outro lado, consonte os criterios a seguir na educación dixital, o Departamento de Lingua Galega e Literatura comprométese a:

- Realizar un uso responsábel das reservas de aulas e recursos informáticos.
- Colaborar en manter os recursos en funcionamento, comunicando ao coordinador Abalar as incidencias e avarías detectadas.
- Profundar na súa formación para a utilización de programas e recursos relacionados coas TIC. En relación con isto, este Departamento participa no **Proxecto Abalar** do centro, posto en funcionamento hai varios cursos e colabora activamente coa páxina web do centro e na elaboración dos itinerarios lectores no Wikirmau.

## 17. Accións previstas de acordo co Plan de Convivencia.

Todos os integrantes da comunidade educativa son axentes responsábeis da convivencia escolar. Neste sentido, o Departamento de Lingua galega e Literatura participará na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento e avaliación do Plan de convivencia.

**Normas, actuacións e medidas a desenvolver para favorecer a convivencia.**

De acordo co Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros e co RRI (Regulamento de Réxime Interior) do centro, establécense as seguintes normas de convivencia en relación ao profesorado que este departamento deberá cumprir:

- Educar o alumnado para a convivencia democrática, incorporando nas súas programacións e práctica docente os contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, en coherencia coas decisións que, a tales efectos, se adopten na planificación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Participar na elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, directamente ou a través dos seus representantes nos órganos colexiados do centro, así como cumprir e facer cumprir ditas normas e disposicións sobre convivencia, no ámbito da súa competencia.
- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementares e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Impoñer as medidas disciplinarias que se deriven do incumprimento das normas de convivencia do centro, de acordo co disposto no Real Decreto e no RRI do centro.
- Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos ou das súas fillas e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- Controlar as faltas de asistencia así como os retrasos do alumnado e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.

**Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación do centro e da aula.**

De entre as medidas organizativas, curriculares e de coordinación das actividades docentes o departamento traballará nas seguintes:

- Reforzos educativos nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Desdobres na área de Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Formación do claustro no centro.
- Desenvolvemento do Plan ou Proxecto lector do centro.
- Desenvolvemento do proxecto de utilización das TIC (educación dixital).
- Coordinación do profesorado.
- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

**Programación e desenvolvemento do currículo:**

A programación do Departamento incorporará as actividades que contribúan a conseguir os obxectivos do Plan de convivencia, entre as que salientamos:

- Actividades para facilitar a integración e participación do alumnado na vida diaria do centro.
- Actividades para tratar os días previamente fixados na CCP (Día da muller traballadora, Día internacional contra a violencia de xénero, Día mundial dos dereitos humanos, Día do libro…).
- Actividades para posibilitar actitudes cívicas e uso adecuado dos espazos e tempos da actividade lectiva.

**Actividades complementares e extraescolares:**

Todas as actividades extraescolares que se realicen deberán favorecer o clima de convivencia no centro e a formación integral do alumnado. A seguir algunhas das actividades que se poden desenvolver:

- Saídas e exposicións (para todos os cursos).
- Exposicións, relatorios de escritores (*Encontros con*...), conferencias, concursos...
- Actividades do Plan de Acción Titorial relacionadas co Plan de convivencia (educación para a saúde, educación sexual, interculturalidade, etc.). Actividades específicas: concertos, obras de teatro, contacontos...

En conclusión, este Departamento acata na súa integridade o Plan de convivencia.

## 18. Accións previstas de acordo co Proxecto lingüístico.

Como é obvio a lingua galega é a lingua vehicular da nosa materia e o Departamento levará a cabo as accións necesarias encamiñadas á promoción da mesma dentro do centro, en colaboración cos outros departamentos, co equipo directivo e o Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (ENDLG).

**Estándares de promoción da lingua galega a aplicar no Proxecto lingüístico:**

- Utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado.
- Utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o persoal non docente.
- Utilización do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o alumnado en todos os ámbitos e espazos do centro.
- Contribuír a desenvolver a consciencia lingüística entre o alumnado, desterrando prexuízos lingüísticos cara ao galego.
- Colaborar para conseguir que a actitude do alumnado cara á lingua galega sexa positiva a fin de poder usala en calquera situación.
- Colaborar coas institucións, organizacións e empresas do entorno sociocultural do centro para coordinar esforzos para a extensión efectiva do uso social do galego entre o alumnado e as súas familias.
- Colaborar para que todo o persoal non docente teña competencia activa lingüística e comunicativa en galego, e solucionar calquera dúbida de tipo lingüístico que se lles presente.
- Colaborar para que o galego sexa a lingua de comunicación oral e escrita entre os integrantes da ANPA e o resto da comunidade educativa.
- Colaborar para que o galego sexa a lingua das diferentes publicacións do centro.
- Colaborar para que os recursos das TIC (páxina web, blogues, etc) teñen a lingua galega como idioma de referencia.

## 19. Información ao alumnado. Titoría e orientación.

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 6 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou os/as titores/as legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as ou tutelados/as, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os centros docentes promoverán compromisos coas familias e co propio alumnado, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

Este Departamento conforme á normativa vixente asume as anteriores disposicións.

### 19.1. Información ao alumnado

A principio de curso os profesores e as profesoras do departamento informarán o alumnado de todo o relacionado coa materia.

A información xeral do Departamento (programación, grao mínimo deconsecución para superar a materia, exames de recuperación, exames de pendentes, libros de lectura, guías de lectura etc) estará exposta no taboleiro do Departamento de Lingua galega ou colgada na páxina web do instituto (http://www.edu.xunta.es/centros/iesallerulloa/node/373), no blog do departamento DeGalego, no Wikirmau (caso dos libros de lectura), no blog da biblioteca A Marela Tarabela (caso das guías de lectura publicadas no boletín *A Marela Tarabela* da biblioteca, ao igual que na web do centro:

http://www.edu.xunta.es/centros/iesallerulloa/node/1811).

### 19.2. Titoría e orientación

Neste marco relacional os/as diferentes titores/as do Departamento realizarán o seu labor en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o profesorado, seguindo as directrices marcadas pola dirección para as reunións cos pais ou as nais ou titores legais do alumnado.

O profesorado titor terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases nese grupo, no relativo tanto á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe, e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Será responsable da orientación en colaboración co Departamento de Orientación.

## 20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos. Procesos de mellora.

En primeiro lugar cómpre indicar que a programación didáctica do curso chegará ao alumnado (como xa se comentou no apartado 19) e ás familias a través basicamente de dous medios:

1. O profesor ou a profesora lerá e explicará ou faralle entrega a cada alumno ou alumna, ao principio de curso, dun folleto cos aspectos esenciais da programación: grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia, criterios de avaliación e cualificación, criterios de recuperación, temporalización e materiais e recursos didácticos.
2. A programación estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/node/373) e no blog do departamento (http://degalegoiesallerulloa.blogspot.com.es/).

Alén do anterior, a programación didáctica ficará sometida aos correspondentes mecanismos de revisión, avaliación e modificación polo que poderá sufrir aquelas variacións que se consideren mester, sempre en beneficio do proceso educativo e coa finalidade de mellorar a consecución dos obxectivos, loxicamente previo debate interno e acordo unánime dos integrantes do Departamento. Agora ben, todas as modificacións que se fagan deberán estar pedagoxicamente xustificadas e serán recollidas na correspondente acta de reunión, así como na memoria final de curso.

Por outro lado, a revisión, avaliación e modificación da programación farase a través dos indicadores de logro que serven para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, tal tarefa desenvolverase a partir da análise dos resultados académicos, labor a realizar nas reunións de departamento ao longo do curso e cuxas resolucións e conclusións serán reflectidas no libro de actas do departamento, o que pode supor, como xa sinalamos antes, a modificación de certos aspectos da programación a diferentes niveis, mais sempre procurando que os cambios supoñan unha mellora.

A seguir, a táboa-instrumento que empregaremos para valorar os axustes entre a programación e os resultados obtidos:

| Indicadores de logro | Niveis de logro | | | Observacións: modificacións e propostas de mellora |
|---|---|---|---|---|
| | Alto (3) | Medio (2) | Baixo (1) | |
| 1. Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos bloques de contido do currículo? | | | | |
| 2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas por bloques de contido? | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 6. Secuenciáronse e temporalizáronse os estándares de aprendizaxe para cada un dos bloques de contido? | | | | |
| 7. Fixáronse e tivéronse en conta os graos mínimos de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8. Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación? | | | | |
| 9. Aplicáronse os procedementos e instrumentos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de cualificación. | | | | |
| 10. Desenvolvéronse progresivamente os temas transversais? | | | | |
| 11. Aplicouse a metodoloxía didáctica programada? | | | | |
| 12. Aplicáronse, na medida do posible, as medidas de atención á diversidade necesarias? | | | | |
| 13. Fíxose un correcto seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores? | | | | |
| 14. Aplicáronse medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe? | | | | |
| 15. Contribuíuse desde a materia ao Plan lector do centro e estimulouse o interese e hábito pola lectura? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 16. Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados? | | | | |
| 15. Deseñouse un plan de avaliación inicial? | | | | |
| 16. Leváronse a cabo as actividades complementares e extraescolares programadas? | | | | |
| 17. Informouse ao alumnado e ás familias sobre os criterios de avaliación, os estándares e os procedementos e instrumentos? | | | | |
| 18. Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso? | | | | |
| 19. Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |
| 20. desenvolvéronse as accións previstas de acordo co Proxecto Lingüístico? | | | | |

Tamén se entregará ao equipo directivo un informe despois de cada avaliación no que se analice e valore o cumprimento ou non do proceso de ensino e da correcta práctica docente e o da programación didáctica.

# 21. Anexos.

## 21.1. Anexo 1. Relación de contidos para os catro cursos da ESO.

| 1º ESO |
|---|
| **Contidos** |
| **B1. Comunicación oral e escrita. Escoitar e falar** |
| ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. |
| ▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). |
| ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. |
| ▪ B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos. |
| ▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. |
| ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. |
| ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. |
| ▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións). |
| ▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. |
| ▪ B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** |
| ▪ B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. |
| ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso. |

| |
|---|
| ▪ B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos. |
| ▪ B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes. |
| ▪ B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. |
| ▪ B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación. |
| ▪ B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación. |
| ▪ B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente. |
| ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil. |
| ▪ B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. |
| ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas. |
| ▪ B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. |
| ▪ B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos. |
| ▪ B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** |
| ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. |
| ▪ B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. |
| ▪ B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa. |

| |
|---|
| ▪ B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. |
| ▪ B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. |
| ▪ B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos. |
| ▪ B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal. |
| ▪ B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. |
| ▪ B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto. |
| ▪ B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. |
| ▪ B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. |
| ▪ B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. |
| ▪ B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** |
| ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. |
| ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. |
| ▪ B4.3. A lusofonía. |
| ▪ B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado. |
| ▪ B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de |

| |
|---|
| enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. |
| ▪ B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. |
| ▪ B4.7. Prexuízos lingüísticos. |
| ▪ B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego. |
| **Bloque 5. Educación literaria** |
| ▪ B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto. |
| ▪ B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. |
| ▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos. |
| ▪ B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos. |
| ▪ B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes. |
| ▪ B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. |
| ▪ B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas. |
| ▪ B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo. |
| **2º ESO** |
| **Contidos** |
| **B1. Comunicación oral e escrita. Escoitar e falar** |
| ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. |

| |
|---|
| ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo. |
| ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. |
| ▪ B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas |
| ▪ B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. |
| ▪ B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. |
| ▪ B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. |
| ▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. |
| ▪ B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. |
| ▪ B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** |
| ▪ B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc. |
| ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. |
| ▪ B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). |
| ▪ B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. |
| ▪ B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. |
| ▪ B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. |

| |
|---|
| ▪ B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz. |
| ▪ B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto. |
| ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. |
| ▪ B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). |
| ▪ B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. |
| ▪ B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. |
| ▪ B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito. |
| ▪ B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** |
| ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. |
| ▪ B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. |
| ▪ B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa. |
| ▪ B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. |
| ▪ B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. |
| ▪ B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. |
| ▪ B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. |

| |
|---|
| ▪ B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. |
| ▪ B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. |
| ▪ B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. |
| ▪ B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. |
| ▪ B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** |
| ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. |
| ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. |
| ▪ B4.3. A lusofonía. |
| ▪ B4.4. Situación sociolingüística do galego. |
| ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. |
| ▪ B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. |
| ▪ B4.7. Prexuízos lingüísticos. |
| ▪ B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. |
| **Bloque 5. Educación literaria** |
| ▪ B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto |

| |
|---|
| de vista empregado e o uso estético da linguaxe. |
| ▪ B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. |
| ▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. |
| ▪ B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. |
| ▪ B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. |
| ▪ B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. |
| ▪ B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. |
| ▪ B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. |
| ▪ B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. |
| **3º ESO** |
| **Contidos** |
| **B1. Comunicación oral e escrita. Escoitar e falar** |
| ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. |
| ▪ B1.2. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas. |
| ▪ B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos. |
| ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). |
| ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. |

| |
|---|
| ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. |
| ▪ B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.. |
| ▪ B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. |
| ▪ B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. |
| ▪ B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** |
| ▪ B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. |
| ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. |
| ▪ B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes. |
| ▪ B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta). |
| ▪ B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos. |
| ▪ B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información. |
| ▪ B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. |
| ▪ B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego. |
| ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. |
| ▪ B2.10. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. |

| |
|---|
| ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. |
| ▪ B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. |
| ▪ B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros. |
| ▪ B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** |
| ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. |
| ▪ B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. |
| ▪ B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición). |
| ▪ B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias. |
| ▪ B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información. |
| ▪ B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz. |
| ▪ B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. |
| ▪ B3.8. Recoñecemento das función sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada. |
| ▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico. |
| ▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores. |
| ▪ B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada. |

| |
|---|
| ▪ B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. |
| ▪ B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** |
| ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. |
| ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. |
| ▪ B4.3. A lusofonía. |
| ▪ B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes. |
| ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. |
| ▪ B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. |
| ▪ B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. |
| ▪ B4.8. Prexuízos lingüísticos. |
| ▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. |
| **Bloque 5. Educación literaria.** |
| ▪ B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. |
| ▪ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. |

| |
|---|
| ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. |
| ▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. |
| ▪ B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. |
| ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. |
| **4º ESO** |
| **Contidos** |
| **B1. Comunicación oral e escrita. Escoitar e falar** |
| ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo. |
| ▪ B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual. |
| ▪ B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). |
| ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. |
| ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. |
| ▪ B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. |
| ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. |
| ▪ B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias. |
| ▪ B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC. |
| ▪ B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas |

| |
|---|
| ▪ B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. |
| ▪ B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. |
| ▪ B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** |
| ▪ B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. |
| ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. |
| ▪ B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. |
| ▪ B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos. |
| ▪ B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. |
| ▪ B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. |
| ▪ B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias. |
| ▪ B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria. |
| ▪ B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). |
| ▪ B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. |
| ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial. |
| ▪ B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión. |

| |
|---|
| ▪ B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. |
| ▪ B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** |
| ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. |
| ▪ B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases. |
| ▪ B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras. |
| ▪ B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación). |
| ▪ B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa. |
| ▪ B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. |
| ▪ B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica. |
| ▪ B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado. |
| ▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual. |
| ▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros. |
| ▪ B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos. |
| ▪ B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto. |
| ▪ B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. |

| |
|---|
| ▪ B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade.** |
| ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>▪ B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. |
| ▪ B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución. |
| ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. |
| ▪ B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. |
| ▪ B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. |
| ▪ B4.8. Prexuízos lingüísticos. |
| ▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. |
| **Bloque 5. Educación literaria.** |
| ▪ B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. |
| ▪ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. |
| ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. |
| ▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. |
| ▪ B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. |
| ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. |

## 21.2. Anexo 2. Relación de contidos para os dous cursos de Bacharelato.

| 1º Bacharelato |
|---|
| **Contidos** |
| **B1. Comunicación oral e escrita. Escoitar e falar** |
| ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. |
| ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo. |
| ▪ B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas). |
| ▪ B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. |
| ▪ B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. |
| ▪ B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural. |
| ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. |
| ▪ B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. |
| ▪ B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. |
| ▪ B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. |
| ▪ B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** |
| ▪ B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. |
| ▪ B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados. |
| ▪ B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias). |
| ▪ B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión. |
| ▪ B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características |

| |
|---|
| lingüísticas. |
| ▪ B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. |
| ▪ B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. |
| ▪ B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. |
| ▪ B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. |
| ▪ B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** |
| ▪ B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas. |
| ▪ B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa. |
| ▪ B3.3. Produción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. |
| ▪ B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo. |
| ▪ B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores). |
| ▪ B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais. |
| ▪ B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais. |
| ▪ B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais. |
| ▪ B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes. |
| ▪ B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. |
| ▪ B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** |
| ▪ B4.1. Funcións sociais da lingua. |
| ▪ B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. |
| ▪ B4.3. A lusofonía. |
| ▪ B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. |

| |
|---|
| Ecolingüismo. |
| ▪ B4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato. |
| ▪ B4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares. |
| ▪ B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística. |
| ▪ B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. |
| ▪ B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. |
| **Bloque 5. Educación literaria** |
| ▪ B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega. |
| ▪ B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. |
| ▪ B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. |
| ▪ B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. |
| ▪ B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais. |
| ▪ B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. |
| ▪ B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período. |
| ▪ B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. |
| **2º Bacharelato** |
| **Contidos** |
| **B1. Comunicación oral e escrita. Escoitar e falar** |
| ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. |

| |
|---|
| ▪ B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo. |
| ▪ B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade). |
| ▪ B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. |
| ▪ B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. |
| ▪ B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. |
| ▪ B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural. |
| ▪ B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. |
| ▪ B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. |
| ▪ B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. |
| ▪ B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** |
| ▪ B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos. |
| ▪ B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados. |
| ▪ B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural. |
| ▪ B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. |
| ▪ B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC. |
| ▪ B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** |
| ▪ B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada. |
| ▪ B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia. |

| |
|---|
| ▪ B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación. |
| ▪ B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas. |
| ▪ B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas. |
| ▪ B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. |
| ▪ B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. |
| ▪ B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo. |
| ▪ B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores). |
| ▪ B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais. |
| ▪ B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais. |
| ▪ B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais. |
| ▪ B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes. |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** |
| ▪ B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. |
| ▪ B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas. |
| ▪ B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. |
| ▪ B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos. |
| ▪ B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. |
| ▪ B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas. |
| ▪ B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. |
| ▪ B4.8. A evolución da conciencia lingüística. |
| **Bloque 5. Educación literaria** |
| ▪ B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936:<br>–Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>–Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>–Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. |
| ▪ B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o |

| |
|---|
| xénero ao que pertencen. |
| ▪ B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975:<br>–Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.<br>–Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.<br>–Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. |
| ▪ B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. |
| ▪ B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade:<br>–Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>–Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>–Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. |
| ▪ B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. |
| ▪ B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. |

## 21.4. Anexo 4. Módulo de Comunicación en lingua galega e castelá  e Sociedade I e II.

Consultar programacións á parte elaboradas consonte o Decreto 107/2014, do 4 de setembro de 2014, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

A seguir os enlaces coa páxina web do instituto.

http://www.edu.xunta.es/centros/iesallerulloa/system/files/FPB1-LOMCE-Curso%20201415.pdf

http://www.edu.xunta.es/centros/iesallerulloa/system/files/FPB2-LOMCE-Curso%202015-16_0.pdf

Lalín a 29 de setembro de 2016

Integrantes do Departamento de Lingua galega e Literatura

**Pilar Espiño Espantoso**

**Fernando Pereira Fernández**

**Mario Pereira Fernández**

**Susana Rodríguez Rodríguez**

**José Payo Cangado** (Xefe de Departamento)